3

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1. Demografía empresarial

3.2. Estrutura produtiva

3.3. Sector exterior

3.1.

Demografía empresarial

A demografía empresarial en Galicia presenta un crecemento tanto no número de sociedades mercantís creadas como de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social. En relación ao ano anterior, o número de sociedades mercantís creadas presenta unha taxa de variación anual positiva do 14,2%, significativamente superior á media de España, 6,8%. Doutra banda, por terceiro ano consecutivo redúcese o número de sociedades disoltas, sendo esta redución do 1,2% (fronte ao 2,2% de aumento no conxunto do Estado).

A análise da evolución do tecido empresarial galego no último ano baséase nos datos da Seguridade Social, do Rexistro Mercantil e do Directorio Central de Empresas do IGE.

Os datos proporcionados pola Seguridade Social (S.S.) son, en concreto, os datos de empresas con traballadores inscritas na S.S., obtidos agrupando contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal; así como os datos de traballadores autónomos inscritos.

Os datos do Rexistro Mercantil son, pola súa banda, o número de sociedades creadas e inscritas no Rexistro Mercantil, entendendo por tales as sociedades creadas no ano de referencia, independentemente da data na que comezaron a realizar as súas operacións comerciais.

O Directorio Central de Empresas (Dirce) elabórase a partir de diferentes fontes, tributarias, xurídicas ou da S.S, entre outras. A explotación do Dirce lévase a cabo analizando dúas unidades distintas, a empresa e a unidade local. Enténdese por empresa a unidade organizativa de produción de bens e servizos que exerce unha ou máis actividades e un ou varios lugares. A unidade local corresponde a unha empresa ou parte desta, situada nunha localización xeográfica concreta, e dende a que se exercen actividades económicas por conta da mesma empresa.

No que respecta ás empresas inscritas na Seguridade Social, en 2016 consolídase o cambio de tendencia e increméntanse as empresas inscritas un 1%, ata acadar as 81.858 empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social, o que representa o 6,2% do total estatal. Por contra, o número de traballadores autónomos rexistra unha caída do 0,5% (fronte ao aumento do 0,7% de media no Estado), situándose en 142.546 persoas, o 7,2% do total estatal.

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2015-2016 (1) (2)

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España (taxa de variación interanual)
2011	84.808	1.292.153	6,6		
2012	81.616	1.248.381	6,5	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,4	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,4	0,2	0,8
2015	81.054	1.286.565	6,3	0,9	2,5
2016	81.858	1.312.345	6,2	1,0	2,0

	2015	2016	16/15 (%)
Galicia	81.054	81.858	1,0
A Coruña	33.396	33.772	1,1
Lugo	11.687	11.658	-0,2
Ourense	9.797	9.878	0,8
Pontevedra	29.525	29.977	1,5

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;
unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.
(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Empresas inscritas en la Seguridad Social

3.1.1.

Empresas inscritas na Seguridade Social

A finais de decembro de 2016, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia foi de 81.858, un 1% máis que na mesma data do ano anterior (804 empresas máis).

O incremento no número de empresas no conxunto do Estado acadou o 2%, perpetuándose a tendencia dos últimos anos de perda de peso das empresas galegas no total estatal, ata o 6,2% no ano 2016. A pesar de que nos últimos anos en Galicia se incrementa levemente o número de empresas inscritas na S.S., no ano 2016 rexístranse 5.614 empresas menos que as existentes a 31 de decembro de 2008. Tendo en conta que, no mesmo período, o descenso no conxunto do Estado foi de 19.745 empresas, observamos como 28 de cada 100 empresas que pecharon en España no período 2008-2016 son galegas.

No ano 2016 o número de empresas inscritas na S.S aumentou en todas as Comunidades Autónomas, salientando os incrementos de Comunidades como Andalucía, Illas Baleares ou Canarias. Galicia sitúase por debaixo do incremento medio do Estado.


Tal como mostra o **gráfico 3.1.2.**, as taxas de crecemento do número de empresas son positivas ao longo de todo o ano, pero en todos os meses presentan un menor ritmo que a media de crecemento estatal.

No que se refire aos datos das catro provincias galegas, a diferencia do dinamismo que no ano 2015 rexistrou a provincia de Lugo, os datos de decembro de 2016 mostran a Lugo como a única provincia galega que perde empresas (29 menos), concentrándose os maiores incrementos en Pontevedra (452 máis) e A Coruña (376 máis).

A Coruña continúa sendo no ano 2016 a provincia galega que rexistra un maior número de empresas inscritas na S.S., con 33.772 un 1,1% máis que no ano anterior, seguida de Pontevedra con 29.977 empresas, un 1,5% máis que en 2015.

Por sectores de actividade, os maiores crecementos en termos absolutos danse no sector servizos (525 empresas máis, un 0,9% de incremento), no sector primario (175 empresas máis, un 3,2% de incremento) e na construción (113 empresas máis, un 1,4% de incremento),

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2016: evolución mensual (1)



(1) Variacións sobre igual periodo ano anterior
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.2.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2015-16: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)
Total	81.054	81.858	1,0	1.286.565	1.312.345	2,0
Primario	5.414	5.589	3,2	109.811	113.495	3,4
Industria	7.338	7.329	-0,1	108.258	109.127	0,8
Construción	7.964	8.077	1,4	109.011	113.485	4,1
Servizos	60.338	60.863	0,9	959.485	976.238	1,7
Total	81.054	81.858	1,0	1.286.565	1.312.345	2,0
Persoa física	32.816	33.874	3,2	490.948	509.197	3,7
Persoa xurídica	48.238	47.984	-0,5	795.617	803.148	0,9

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.1.3.

salientando negativamente o descendo de 9 empresas na industria, unha caída relativa do 0,1%. A non dispoñibilidade de datos máis desagregados por seccións de actividade a nivel de Comunidade Autónoma, non permite profundar en aquelas ramas máis afectadas en cada sector.

Os datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social mostran como o incremento de 42 empresas máis do sector industrial na provincia de Pontevedra, fronte á caída de empresas do sector nas restantes tres provincias galegas, A Coruña con 36 empresas menos, Ourense con 6 menos e Lugo con 5 menos.

O sector agrario incrementa o número de empresas nas catro provincias galegas e o sector da construción e servizos só perde empresas na provincia de Lugo.

O **cadro 3.1.3.** mostra a avolución do número de empresas clasificadas en función da súa titularidade, diferenciando entre "persoa física" e "persoa xurídica", realizándose a asignación a través da estrutura do NIF. A finais de 2016 mantense relativamente estable a distribución entre persoas físicas e xurídicas, de xeito que case seis de cada dez empresas corresponden a persoas xurídicas (58,6%) e as restantes catro da cada dez son persoas físicas (41,4%). En España as persoas xurídicas supoñen o 61,2% e as persoas físicas, o 38,8% restante. En relación ao ano anterior, en Galicia

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2016: principais características (1)

	2016			16/15	
	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
			(%)	(%)	
Total	142.546	1.972.985	7,2	-0,5	0,7
sector de actividade					
agricultura	32.545	234.648	13,9	-4,1	-0,6
industria	6.404	88.565	7,2	-0,5	-0,3
construción	16.846	208.878	8,1	1,5	0,2
servizos	86.751	1.440.894	6,0	0,5	1,0
situación profesional					
sen asalariados	113.570	1.547.577	7,3	-0,5	-0,2
con asalariados	28.976	425.408	6,8	3,1	4,0
sen pluriactividade	136.434	1.871.517	7,3	-0,8	0,3
con pluriactividade	6.112	101.468	6,0	6,8	9,0
sexo					
homes	82.452	1.285.618	6,4	0,1	0,4
mulleres	60.094	687.367	8,7	-1,3	1,3
idade					
< 25 anos	1.958	37.338	5,2	-2,0	-2,9
25-39 anos	34.343	528.974	6,5	-3,4	-2,3
40-54 anos	63.944	902.282	7,1	1,0	1,6
55 ou máis anos	42.301	504.391	8,4	-0,3	2,7
nacionalidade					
españois	138.859	1.795.392	7,7	-0,6	0,2
estranxeiros	3.687	177.593	2,1	4,3	5,8
antiguidade no negocio					
< 6 meses	8.057	151.113	5,3	-6,6	-3,0
6-11 meses	8.551	144.178	5,9	-9,1	-3,5
1-3 anos	24.093	372.033	6,5	3,3	1,3
3-5 anos	14.584	217.007	6,7	8,6	12,4
5 ou máis anos	87.261	1.088.654	8,0	-1,4	-0,5
base de cotización					
mínima	110.674	1.697.287	6,5	-1,2	0,6
entre mínima e 1,5 veces mínima	14.623	101.503	14,4	2,1	5,9
1,5-2 veces mínima	9.849	66.331	14,8	4,4	3,4
2-3 veces mínima	6.674	91.397	7,3	-2,1	-4,0
máis de 3 veces mínima	726	16.467	4,4	-2,4	-0,3

(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social


3.1.4.

increméntase o número de empresas físicas un 3,2%, descendendo nun 0,5% o número de persoas xurídicas. A nivel estatal o incremento do número de persoas físicas foi do 3,7%, notablemente superior ao crecemento no número de persoas xurídicas do 0,9%. En termos absolutos no conxunto do estado as persoas físicas aumentaron máis do dobre do que o fixeron as persoas xurídicas.

• Perfil do traballador autónomo

A 31 de decembro de 2016 había en Galicia 225.983 traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social (216.175 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 142.546 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

No ano 2016, a semellanza de 2015, descende novamente o número de autónomos propiamente ditos, (0,5% menos), fronte ao leve aumento medio a nivel do Estado (0,7%). O peso relativo no Estado redúcese ata o 7,2%, unha décima menos que no pasado exercicio.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.5.

A caída no número de traballadores autónomos orixinouse en exclusiva na categoría de sen asalariados (0,5% menos), producíndose un incremento do 3,1% na categoría de autónomos con asalariados. Gran parte das variacións anuais débense aos transvases na clasificación derivados de dispoñer ou non de un asalariado, o que é relativamente usual nun tecido empresarial composto por microempresas. Así mesmo, aínda que as fontes non se poden equiparar completamente, a Enquisa de Poboación Activa mostra incrementos no ano 2016 do número de traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (10.200 máis) fronte a reducións dos empresarios con asalariados (4.200 menos).

O perfil maioritario dos empresarios autónomos en Galicia mantense estable nos últimos anos: unha persoa que traballa no sector servizos (aínda que cunha importante presenza na agricultura), sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, salienta tanto a elevada presenza dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 13,9% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (8,7% do total estatal) e a presenza de maiores de 55 anos (8,4%). Asemade, cómpre mencionar que aqueles autónomos que teñen unha base de cotización entre a mínima e dúas veces a mínima supoñen case o 15% do total estatal. Por contra, os autónomos de nacionalidade estranxeira tan só representan o 2,1% dos autónomos estranxeiros en España, e os cotizantes por unha base de cotización de máis de tres veces a base mínima, o 4,4%.

Finalmente, no que respecta á evolución do número de autónomos en función da antigüidade no negocio, un ano máis redúcese o número de traballadores con negocios de menos de 11 meses ou máis de 5 anos de antigüidade, fronte ao incremento do número de negocios entre 1 e 5 anos de antigüidade.

Dinámica empresarial

Por dinamismo empresarial enténdese a evolución do número de sociedades mercantís, entendida como a taxa de variación anual da constitución de sociedades mercantís. No ano 2016, en Galicia créanse 4.533 sociedades mercantís e disólvense 1.494. En termos de variación anual, o número de sociedades creadas é un 14,2% superior ao ano anterior, e as sociedades disoltas reducen o seu número nun 1,2%.

O mencionado incremento no número de sociedades mercantís inscritas no Rexistro Mercantil é especialmente notorio comparado co descenso do 7% rexistrado no ano anterior. A constitución de sociedades mercantís aumenta tamén a nivel estatal, onde o número de sociedades constituídas medra un 6,8%, de

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2016

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Sociedades	4.533	1.890	456	450	1.737	101.071
Anónimas	15	5	2	-	8	413
Limitadas	4.510	1.885	446	450	1.729	100.478
Amplían capital	1.405	600	146	144	515	31.496
Anónimas	59	21	2	11	25	1.749
Limitadas	1.346	579	144	133	490	29.735
Disoltas	1.494	647	188	119	540	21.207
Voluntaria	1.205	537	146	94	428	15.567
Por fusión	87	45	7	5	30	2.345
Outras	202	65	35	20	82	3.295
Capital subscrito						
			(en miles de euros)			
Sociedades	204.572	93.873	10.589	9.722	90.388	6.291.989
Anónimas	2.325	840	680	-	805	1.367.768
Limitadas	201.872	93.033	9.534	9.722	89.583	4.919.539
Capital desembolsado						
			(en miles de euros)			
Sociedades	204.282	93.873	10.589	9.722	90.098	6.236.678
Anónimas	2.035	840	680	-	515	1.312.458
Limitadas	201.872	93.033	9.534	9.722	89.583	4.919.539
Capital desembolsado das que amplían capital						
			(en miles de euros)			
Sociedades	1.002.094	649.866	19.749	59.471	273.008	32.902.711
Anónimas	145.313	68.918	321	9.988	66.086	13.158.955
Limitadas	856.783	580.949	19.428	49.484	206.922	19.707.054

Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.6.

xeito que o peso relativo das empresas creadas en Galicia no total estatal aumenta dúas décimas, ata o 4,5%.


A nivel provincial, na Coruña constituíronse un total de 1.890 empresas e en Pontevedra, 1.737 sociedades mercantís, o que supón o 80% das sociedades constituídas concentradas nestas dúas provincias. Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que todas as provincias galegas presentan un aumento do número de empresas inscritas, rexistrándose na Coruña o maior aumento en termos absolutos con 241 empresas máis, e en Lugo o maior aumento relativo cun 23,9% máis de sociedades mercantís creadas en 2016 en relación ao ano anterior. Esta evolución positiva nas catro provincias galegas contrasta co descenso xeneralizado rexistrado no ano 2015.

Se se considera a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 16,7 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 21,8 no conxunto do Estado.

Este indicador de creación de empresas aumenta no ano 2016 nas catro provincias galegas. Pontevedra mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 18,4 sociedades creadas en 2016 por cada 10.000 habitantes fronte ás 16,4 do ano anterior. Lugo presenta o índice de creación máis reducido, con 13,6 empresas por cada 10.000 habitantes. Na provincia da Coruña esta taxa aumenta ata as 16,8 sociedades por cada 10.000 habitantes, e en Ourense ata as 13,6 sociedades.

O capital subscrito para a constitución das ditas sociedades mercantís en Galicia superou os 204 millóns de euros, cun descenso do 44,5% en relación ao ano 2015. O capital medio subscrito cae un 51%, pasando de

Sociedades mercantís constituídas e disoltas en Galicia e España 2006-16



Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.7.

93.007 euros no ano 2015 a tan só 45.129 euros en 2016.

O descenso no volume de capital subscrito explícase pola caída de máis de 155 millóns de euros no capital subscrito polas empresas constituídas na provincia da Coruña. Neste senso, o capital medio subscrito polas empresas na dita provincia pasa de 151 mil euros en 2015 a 50 mil euros en 2016.


Por outra banda, no ano 2016 o número de empresas que ampliaron capital redúcese novamente tanto en Galicia como en España. Tras unha caída do 4,6% na Comunidade Autónoma (2,7% no conxunto do Estado) no último ano rexistráronse 1.405 ampliacións, o 4,5% do total estatal. O capital subscrito nas ampliacións rexistrou en Galicia unha medra do 12,2%, fronte ao descenso do 4,7% en España.

A nivel provincial, o número de sociedades que amplían capital redúcese en todas as provincias agás en Lugo, sen embargo a evolución do capital subscrito na ampliación é dispar; neste senso o capital aumenta en máis dun 68% na provincia da Coruña e nun 6% en Ourense, fronte aos descenso de máis dun 60% en Lugo e dun 32% en Pontevedra.


O número de sociedades mercantís disoltas en Galicia en 2016 foi de 1.494, quince menos que no ano anterior, o que supón o terceiro ano consecutivo de des-

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-16 (1)

Taxa de creación de empresas (1)



Índice de rotación empresarial (2)



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes
(2) índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións
Fonte: INE, *Estadística de Sociedades Mercantiles*

3.1.8.

censo. As quince sociedades menos que se disolveron en Galicia (un descenso do 1,2%), contrastan coas 449 sociedades disoltas máis no conxunto do Estado no último ano. Esta evolución fai que se reduza o peso de Galicia no total do Estado ata o 7% do total..

O número de sociedades disoltas aumenta nas provincias de A Coruña (58 máis que en 2015) e en Lugo (16 máis), en contraste cos descensos nas provincias de Pontevedra (66 menos) e Ourense (23 menos).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación), despois do aumento do ano 2015, volve a descender en 2016 para situarse nas 33 empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas, 12 puntos por riba da media española, que descende ata as 21 empresas disoltas por cada cen constituídas. Como reflicte o **cadro 3.1.8.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie considerada.

Igual que acontece para o conxunto de Galicia, no ano 2016 a nivel provincial os índices de rotación redúcense nas catro provincias galegas de xeito moi significativo. As catro provincias presentan un índice de rotación superior á media española, acadando en Lugo un total de 41,2 sociedades disoltas por cada cen constituídas, fronte ás 34,2 da Coruña e as 31,1 e 26,4 sociedades en Pontevedra e Ourense, respectivamente.

O número de empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial, reducíronse en Galicia no ano 2016 un 14% en


Empresas concursadas en Galicia e España 2015-16: distribución segundo actividade económica principal (1)

	Galicia		España	
	2015	2016	2015	2016
Total	304	262	5.097	4.080
Agricultura e pesca	7	3	70	39
Industria e enerxía	40	38	642	496
Bens intermedios	11	17	218	197
Bens de capital	8	7	139	97
Bens de consumo	2	4	51	41
Bens de consumo non duradeiro	18	9	193	139
Enerxía	1	1	41	22
Construción	75	47	1.031	739
Edificios e promoción inmobiliaria	53	36	723	491
Resto	22	11	308	248
Servizos	158	153	2.864	2.406
Comercio maiorista	63	55	987	784
Comercio polo miúdo e vehículos	6	6	113	72
Transporte e almacenamento	18	7	172	138
Hostelería	18	15	302	261
Información e comunicacións	3	1	187	133
Inmobiliarias, finaceiras e seguros	5	5	172	166
Actividades profesionais e técnicas	19	18	390	335
Actividades administrativas e servizos auxiliares	14	14	222	216
Resto de servizos	12	32	319	301
Sen clasificar	24	21	490	400

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2016 son provisionais
Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.1.9.

Empresas concursadas 2007-16



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.1.10.

Empresas en Galicia e España 2016 (1): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2016			16 / 08		16 / 15		Índice de especialización (3)
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total	197.538	3.236.582	6,1	-5.836	-185.657	1.943	49.704	1,00
Industria e enerxía	12.323	195.619	6,3	-3.030	-50.832	-225	-2.385	1,03
Industria extractiva	277	2.304	12,0	-130	-670	-20	-112	1,97
Industria manufactureira	11.341	172.130	6,6	-2.967	-57.092	-188	-2.203	1,08
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	469	14.475	3,2	95	5.787	1	-76	0,53
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	236	6.710	3,5	-28	1.143	-18	6	0,58
Construción	29.777	406.682	7,3	-7.930	-215.414	35	833	1,20
Servizos	155.438	2.634.281	5,9	5.124	80.589	2.133	51.256	0,97
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	49.075	757.537	6,5	-4.915	-63.538	-700	-6.393	1,06
Transporte e almacenamento	11.851	193.357	6,1	-2.276	-45.969	-136	-844	1,00
Hostalería	19.320	276.093	7,0	-2.117	-13.125	-320	-319	1,15
Información e comunicacións	2.256	61.212	3,7	526	12.394	108	2.354	0,60
Actividades financeiras e de seguros	5.022	75.487	6,7	516	8.374	173	3.815	1,09
Actividades inmobiliarias	6.254	159.212	3,9	2.749	41.585	538	10.386	0,64
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19.832	380.880	5,2	-478	-24.361	576	10.774	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.412	202.328	5,1	4.534	65.261	554	8.052	0,84
Educación	6.354	98.771	6,4	2.271	30.201	370	6.082	1,05
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7.550	153.591	4,9	1.214	29.149	253	4.899	0,81
Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento	5.444	88.215	6,2	1.546	17.664	342	4.580	1,01
Outros servizos	12.068	187.598	6,4	1.554	22.954	375	7.870	1,05

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, *DIRCE*

3.1.11.

relación ao ano anterior, unha redución que na media do Estado foi dun 20% (**cadro 3.1.9.**).

Por segundo ano consecutivo, o número total de empresas concursadas descendeu en Galicia ata as 262, o 6,4% do total estatal. Segundo a súa forma xurídica, o 77,8% desas empresas concursadas en Galicia en 2016 eran sociedades de responsabilidade limitada (204 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas e as persoas físicas con actividade económica cun peso relativo lixeiramente superior ao 15% (24 e 16 empresas, respectivamente).

O 40% das empresas concursadas en Galicia no ano 2016 localízanse no tramo máis baixo de volume de negocio (ata 250.000 euros) e son, principalmente, Sociedades de Responsabilidade Limitada. Así mesmo no que respecta á antigüidade das empresas concursadas, en Galicia o 24,8% da empresas concursadas no último ano tiñan máis de 20 anos, fronte ao 22,3% de media estatal.

Tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2016 os catro grandes sectores produtivos presentan un descenso do número de empresas concursadas. Tal e como reflicte o **cadro 3.1.9.**, no ano 2016 un total de 153 empresas concursadas pertencen ao sector servizos (5 menos que no ano anterior), por diante da construción, con 47 empresas (28 menos), e a industria, con 38 empresas (2 menos que en 2015). Ao igual que acontecía no ano anterior, as tres ramas de actividade económica con maior número de empresas concursadas son as de comercio por xunto, con 55 empresas concursadas (4 menos que en 2015), a construción de edificios e promoción inmobiliaria, con 36 (15 menos) e as Actividades profesionais con 18 empresas concursadas.

En canto ao número de asalariados, o 56,9% do total de empresas concursadas en Galicia teñen menos de seis traballadores asalariados e, entre elas, o 24,8% non teñen asalariados. Asemade, cómpre mencionar que o

Empresas en Galicia e España 2016 (1): distribución segundo número de asalariados

	Galicia							España
	2008	2015	2016					
			Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total empresas	583.741	304.047	197.538	82.156	24.353	23.061	67.968	3.236.582
Sen asalariados	100.126	104.603	106.693	45.671	12.781	12.404	35.837	1.791.909
de 1 a 9 asalariados	92.629	84.015	83.684	33.429	10.818	9.953	29.484	1.305.270
de 10 a 49 asalariados	9.203	5.941	6.056	2.511	675	604	2.266	115.917
de 50 a 199 asalariados	1.161	844	902	427	69	83	323	18.263
de 200 a 449 asalariados	183	130	137	74	9	11	43	3.489
de 500 a 5.000 ou máis asalariados	72	62	66	44	1	6	15	1.734

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *DIRCE*

3.1.12.

Empresas en Galicia e España 2016(1): principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

		Galicia	España	Galicia / España	Índice especialización
				(%)	Galicia
Total		195.595	3.186.878	6,1	1,00
1	**Fabricación doutro material de transporte**	112	755	14,8	2,42
2	**Outras industrias extractivas**	268	2.060	13,0	2,12
3	**Coquerías e refino de petróleo**	1	18	5,6	0,91
4	**Industria da madeira e cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría**	1.016	10.191	10,0	1,62
5	**Fabricación de bebidas**	498	5.165	9,6	1,57
6	**Confección de prendas de vestir**	792	8.578	9,2	1,50
7	**Extracción de minerais metálicos**	5	74	6,8	1,10
8	**Fabricación doutros produtos minerais non metálicos**	764	8.602	8,9	1,45
9	**Actividades postais e de correos**	700	7.760	9,0	1,47
10	**Actividades veterinarias**	884	10.029	8,8	1,44
11	**Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos**	23	322	7,1	1,16
12	**Transporte marítimo e por vías navegables interiores**	44	546	8,1	1,31
13	**Industria da alimentación**	1.770	22.873	7,7	1,26
14	**Construción de edificios**	16.527	222.535	7,4	1,21
15	**Actividades de construción especializada**	12.455	170.821	7,3	1,19
16	**Servizos de comidas e bebidas**	17.876	251.390	7,1	1,16
17	**Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico**	2.246	31.394	7,2	1,17
18	**Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas**	5.014	72.202	6,9	1,13
19	**Industria téxtil**	418	6.125	6,8	1,11
20	**Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros**	4.911	71.979	6,8	1,11
21	**Fabricación de mobles**	843	12.465	6,8	1,10
22	**Actividades de xogos de azar e apostas**	971	13.480	7,2	1,17
23	**Reparación e instalación de maquinaria e equipamento**	758	11.108	6,8	1,11
24	**Outros servizos persoais**	7.714	116.679	6,6	1,08
25	**Actividades de servizos sociais sen aloxamento**	356	5.539	6,4	1,05

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *Directorio central de empresas*

3.1.13.

número de empresas en concurso de máis de 50 traballadores ascende a 8, o 3% do total en Galicia.

A explotación estatística do **Directorio Central de Empresas** (Dirce) elaborado polo INE, o **cadro 3.1.11.** mostra as empresas existentes en Galicia a comezos do ano 2016 (último dato dispoñible). Por segundo ano consecutivo aumenta o número de empresas en Galicia dende que comezou a crise, situándose a un de xaneiro de 2016 nas 197.538 empresas (1.943 máis que na mesma data do ano anterior), mantendo o seu peso relativo no total estatal no 6,1%. O minifundismo empresarial galego, obsérvase en que das ditas 197.538 empresas, 106.693 non teñen asalariados.

Tal como aconteceu no exercicio precedente, o incremento no número de empresas do Dirce explícase pola evolución do sector servizos, onde todas as ramas de actividade, agás o comercio, o transporte e hostalería, presentan un maior número de empresas, rexistrán-

Sociedades cooperativas e laborais existentes en Galicia e España 2015-16 (1)

	2015			2016		
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia / España (%)
Sociedades cooperativas						
Sociedades	923	20.384	4,5	921	20.792	4,4
Traballadores (2)	9.282	301.867	3,1	8.786	315.116	2,8
Sociedades laborais						
Sociedades	539	10.313	5,2	519	9.787	5,3
Traballadores	2.722	64.484	4,2	2.640	63.935	4,1

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
(2) o número de traballadores refírese aos centros de cotización
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.14.

dose tamén un leve aumento no sector da construción.

O 78,7% das empresas galegas incluídas no Dirce pertencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 49.075 empresas, seguidas das "actividades profesionais, científicas e técnicas", con 19.832, e das actividades de "Hostalería", con 19.320 empresas. O sector da construción acolle ao 15,1% das empresas (29.777 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 6,2% (12.323 empresas).

Tal como se sinalou anteriormente, a distribución das empresas segundo o seu número de asalariados (**cadro 3.1.12.**) reflicte o reducido tamaño das mesmas, de xeito que o 54% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 55,4% de media no conxunto do Estado. Só unha empresa de cada 1.000 en Galicia ten máis de 200 empregados e o 42,4% das empresas galegas teñen menos de 10 asalariados, fronte ao 40,3% do total rexistrado en España. Finalmente, só un 3,6% das empresas galegas teñen 10 ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,3% no Estado.

O estudo da especialización das empresas galegas en relación á media estatal, permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia, neste senso o índice de especialización relativa (IER), mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, as ramas de actividade co índice de especialización relativa máis elevado seguen sendo, **cadro 3.1.13.**, as de "Fabricación doutro material de transporte", e "Outras industrias extractivas", que presentan un índice de especialización superior a 2 (2,42 e 2,12, respectivamente).

Doutra banda, segundo datos do *Global Entrepeneurship Monitor 2015,* a taxa de actividade emprendedora en España para ese ano aumenta con respecto ao ano anterior e se sitúa no 5,7%. Por Comunidades Autónomas, o índice TEA oscilou entre 2,2 e 8,8%, coas Illas Baleares e Castela–A Mancha á cabeza e Ceuta, País Vasco e Asturias á cola. Galicia sitúase aproximadamente na media estatal.

Empresas de economía social

O conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos na Lei 5/2011, de 29 de marzo, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, son as chamadas empresas de economía social. Engloba, entre outras, ás cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que leven a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei.

A diferenza do acontecido en 2015, no último ano rexístrase un descenso tanto no número de cooperativas como no de traballadores das mesmas. A 31 de decembro de 2016, o número de sociedades coope-

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2015-16: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2015		2016		2015		2016	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	35	134	29	106	515	1.917	417	1.398
Agrario	1	3	-	-	5	20	5	23
Non agrario	34	131	29	106	510	1.897	412	1.375
Industria	3	12	4	16	61	298	51	222
Construción	5	22	1	4	50	174	40	127
Servizos	26	97	24	86	399	1.425	321	1.026

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.15.

Traballadores da economía social en Galicia e España 2016 (1): principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
				(%)		
sexo						
varóns	58,9	56,3	59,4	60,2	60,2	54,5
mulleres	41,1	43,7	40,6	39,8	39,8	45,5
idade						
menores de 25 anos	3,6	3,1	4,0	3,6	4,0	5,5
de 25 a 39 anos	36,8	35,6	42,7	33,8	37,1	37,3
de 40 a 54 anos	43,4	43,1	40,9	44,2	44,4	43,3
de 55 anos ou máis	16,2	18,1	12,4	18,4	14,6	13,8
nacionalidade						
española	97,1	98,2	96,3	97,1	96,5	90,2
estranxeira	2,9	1,8	3,7	2,9	3,5	9,8
tipo de relación						
indefinida	80,7	77,9	87,1	81,1	79,9	74,9
temporal	19,3	22,1	12,9	18,9	20,1	25,1
tipo de xornada						
tempo completo	83,5	78,7	88,0	90,2	80,7	80,2
tempo parcial	16,5	21,3	12,0	9,8	19,3	19,8
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	15,6	18,0	9,9	11,2	18,3	36,0
de 6 meses a 1 ano	6,9	7,4	6,2	4,9	7,7	7,3
de 1 a 3 anos	18,2	19,2	19,9	15,8	17,9	14,1
de 3 a 5 anos	15,0	13,2	16,8	9,8	19,1	11,6
máis de 5 anos	44,3	42,2	47,3	58,3	36,9	30,9
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	20,5	20,7	25,7	15,8	21,0	
6-10 traballadores	14,1	19,2	11,3	6,8	14,6	
11-25 traballadores	14,4	19,9	12,1	12,5	11,0	
26-50 traballadores	16,4	18,5	10,8	12,9	18,7	
51-100 traballadores	11,9	8,2	11,5	7,9	18,0	
101-250 traballadores	10,6	8,1	18,3	2,6	14,5	
máis de 250 traballadores	12,1	5,4	10,4	41,5	2,3	
sector de actividade						
agricultura	8,2	6,4	12,7	17,0	1,0	
industria	33,7	22,1	38,5	42,2	36,0	
construción	7,3	6,7	4,8	9,0	7,9	
servizos	50,9	64,8	44,0	31,9	55,0	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.1.16.

rativas situouse nas 921, con 8.786 traballadores. No ano 2016, 355 cooperativas en Galicia teñen unha plantilla integrada totalmente por traballadores autónomos, e as 566 cooperativas galegas restantes inclúen réximes da Seguridade Social diferentes ao de autónomos.

Máis do 40% das cooperativas existentes en España e o 34% dos traballadores, están localizados en Cataluña e Andalucía. Por volume de traballadores, cabe salientar o caso do País Vasco, onde co 7,7% das cooperativas existentes no conxunto do Estado, acolle máis do 18% do total de traballadores deste tipo de sociedades, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con maior número de socios tras Andalucía.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,4% das sociedades cooperativas e o 2,8% dos traballadores.

Ao longo do ano 2016 constituíronse en Galicia un total de 49 sociedades cooperativas, cun total de 211 socios iniciais, o que representou o 3,5% do total de cooperativas constituídas en España e o 3,2% dos socios.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 38 sociedades, por diante das seis cooperativas agrarias, que rexistran 55 socios iniciais, e das cooperativas de vivenda, que rexistran 18 socias iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no último ano, 34 pertencen ao sector servizos, 2 á industria e 2 ao sector da construción.

No concernente ao número de sociedades laborais, no ano 2016 mantense a tendencia descendente de anos anteriores tanto en Galicia como en España, sendo menos acusada a caída na Comunidade Autónoma. Tras un descenso do 3,7% en relación ao ano anterior, o número de sociedades laborais (SA e SL) sitúase a 31 de decembro en Galicia 519, o que supón o 5,3% das 9.787 sociedades do conxunto do Estado. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.640 traballadores, o que representa o 4,1% do total estatal (63.935) (**cadro 3.1.14.**).

No ano 2016 redúcese novamente o número de sociedades laborais rexistradas e o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 29 sociedades laborais (35 en 2015), que agruparon a 106 socios (28 menos). Do mesmo xeito que acontece en Galicia, no conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, acollendo Galicia o 6,9% do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 7,6% dos socios iniciais.

O sector servizos acolle case o 83% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (24 sociedades) e o 81% dos socios (86 socios iniciais). No ano 2016, rexístrase unha sociedade laboral industrial máis, catro menos na construción e dúas menos no sector servizos.

No que respecta ás características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.16.**, 59 de cada 100 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 43% do total de traballadores teñen unha idade comprendida entre 40 e 54 anos, e 37%, entre 25 e 39 anos; e 83 de cada 100 traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que o 44% dos traballadores da economía social en Galicia –excluídos os autónomos– mantén unha antigüidade no negocio superior a cinco anos (31% de media no conxunto do Estado) e que un 15,6% dos traballadores mantén unha antigüidade inferior a seis meses (36% de media estatal).

Tal como acontece na demografía empresarial xeral en Galicia, o tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 34,6% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 40% na provincia de A Coruña), e no 22,7% das mesmas hai máis de cen traballadores (43,1% en Ourense).

O 51% do emprego total da economía social corresponde ao sector servizos, seguido da industria, con case 34 de cada 100 traballadores, e a agricultura e a construción, co 8% e o 7%, respectivamente. ❑

3.2.

Estrutura produtiva

O crecemento do PIB galego en 2016, segundo datos das Contas Económicas Trimestrais do IGE, foi do 3,1% en relación ao ano anterior, unha décima menos que na media do Estado. O crecemento económico en Galicia baséase en aportacións positivas de todos os sectores económicos, aínda que cunha intensidade diferente. Un ano máis, o sector máis dinámico da economía galega é a industria manufactureira, con taxas de variación positivas do seu VEB do 3,5%, moderando significativamente o seu pulo en relación ao 4,6% de avance rexistrado en 2015. A construción tamén frea o seu crecemento en seis décimas en relación ao ano anterior, acadando unha taxa de crecemento do 3,1%. O sector primario reduce o seu avance cunha taxa do 0,9%, cinco décimas menos que no ano anterior. Por contra as ramas industriais no seu conxunto así como os servizos, acadan no ano 2016 taxas de variación positivas do seu VEB superiores ás rexistradas no ano anterior, en concreto a industria cun 2,5% medra catro décimas máis que en 2015, e o sector servizos cun 3,3% avanza 1,2 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

O emprego equivalente a tempo completo medra en todos os sectores económicos agás na construción, onde presenta taxas negativas do 1,4% fronte ao avance do 2,8% rexistrado neste sector no ano anterior. As ramas industriais incrementan o emprego nun 2,9% e os servizos, nun 2,2%. En ámbolos dous casos, obsérvanse taxas superiores ás rexistradas no ano anterior. O peso da economía galega no total estatal mantense estable en torno ao 5,2% do PIB do Estado, reducíndose o peso relativo galego en termos de emprego, ata o 5,4% do total, unha décima menos que no ano anterior, e tamén caendo o peso en termos demográficos ata o 5,9%.

Ao longo do presente capítulo analizaremos a estrutura produtiva galega, presentando os principais datos de cada sector económico dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego, aportando, na medida que sexa posible, datos das actividades máis importantes dentro de cada sector.

Sector primario

O sector primario galego está considerado como estratéxico, dada a súa relevancia económica, social e medioambiental. Así mesmo, a estrutura produtiva e territorial de Galicia aséntase en gran medida sobre este sector.

A produción do sector primario rexistrou un avance do

PIB e emprego 2015-16: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2015	2016	2015	2016
	(taxas de variación interanuais)			
Total	2,1	3,1	1,9	2,3
Ramas agraria e pesqueira	1,4	0,9	0,0	5,3
Ramas industriais	2,1	2,5	1,7	2,9
Construción	3,7	3,1	2,8	-1,4
Servizos	2,1	3,3	2,0	2,2
Impostos netos sobre os produtos	1,6	3,7		

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 04-04-2017)
(2) emprego equivalente a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

3.2.1.

PIB e VEB das CC.AA. 2016 (1): distribución segundo ramas de actividade

	PIB	VEB									
		Total		Agricultura, gandería e pesca		Industria		Construción		Servizos	
			(% VEB España)		*(% VEB España)*		*(% VEB España)*		*(% VEB España)*		*(% VEB España)*
Andalucía	148.467,6	134.759,2	13,3	7.500,3	28,8	17.033,2	9,5	8.362,5	14,8	101.863,2	13,6
Aragón	34.686,5	31.483,8	3,1	1.789,9	6,9	7.604,9	4,2	1.823,9	3,2	20.265,1	2,7
Asturias	21.696,2	19.693,0	1,9	278,1	1,1	4.251,2	2,4	1.319,6	2,3	13.844,0	1,9
Baleares	28.461,0	25.833,1	2,6	113,3	0,4	1.948,6	1,1	1.521,3	2,7	22.249,8	3,0
Canarias	42.606,7	38.672,7	3,8	641,7	2,5	3.042,5	1,7	1.943,1	3,4	33.045,4	4,4
Cantabria	12.538,9	11.381,2	1,1	165,6	0,6	2.481,0	1,4	791,9	1,4	7.942,6	1,1
Castela e León	55.391,8	50.277,3	5,0	2.153,6	8,3	11.495,4	6,4	3.097,0	5,5	33.531,3	4,5
Castela-A Mancha	38.014,9	34.504,9	3,4	2.275,6	8,7	7.458,9	4,2	2.420,6	4,3	22.349,8	3,0
Cataluña	211.915,5	192.348,7	19,0	2.043,0	7,8	40.685,2	22,7	9.079,8	16,1	140.540,8	18,8
C. Valenciana	105.077,2	95.375,1	9,4	2.293,5	8,8	19.051,2	10,6	6.034,0	10,7	67.996,5	9,1
Estremadura	17.712,0	16.076,6	1,6	1.041,2	4,0	2.332,2	1,3	1.230,6	2,2	11.472,6	1,5
Galicia	57.967,5	52.615,2	5,2	2.824,6	10,9	10.569,1	5,9	3.690,5	6,5	35.530,9	4,7
Madrid	210.812,9	191.348,0	18,9	103,6	0,4	20.663,6	11,5	8.399,3	14,9	162.181,5	21,7
Murcia	28.526,9	25.893,0	2,6	1.291,5	5,0	4.838,8	2,7	1.555,7	2,8	18.207,1	2,4
Navarra	19.017,6	17.261,7	1,7	550,7	2,1	5.732,4	3,2	907,2	1,6	10.071,4	1,3
País Vasco	68.897,0	62.535,5	6,2	487,5	1,9	18.077,7	10,1	3.797,5	6,7	40.172,7	5,4
A Rioxa	8.032,5	7.290,8	0,7	470,3	1,8	2.098,1	1,2	434,5	0,8	4.288,0	0,6
Ceuta e Melilla	3.143,1	2.852,9	0,3	4,1	0,0	163,0	0,1	130,9	0,2	2.555,0	0,3
Total	1.112.965,9	1.010.202,6		26.028,0		179.527,0		56.540,0		748.107,6	


(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en millóns de euros; datos de primeira estimación (consulta: 04-04-2017)
Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010*

3.2.2.

0,9% en termos do PIB a prezos de mercado, en base a índices de volume encadeados, sendo unha variación cinco puntos porcentuais inferior á variación de 2015. Este avance produciuse de xeito gradual ao longo dos trimestres de 2016, de xeito que iniciou o ano cunha caída interanual do 0,7%, para rematar o ano cun crecemento do 1,7%.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) incrementouse un 1,2% segundo os datos da contabilidade trimestral do IGE. No ano 2016 o crecemento do VEB polo sector primario, estivo acompañado dun avance do 5,3% da ocupación media no sector, medida a través de postos de traballo equivalente a tempo completo. De media os ocupados no sector primario representan en torno a 73.000 e, a pesar do incremento no ano 2016, o emprego no sector está

VEB e emprego no sector primario (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 04-04-2017)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

3.2.3.

moi por debaixo dos niveis anteriores á crise, en concreto o sector primario ten 20.000 postos de traballo equivalentes menos que no ano 2008.

En termos absolutos, os datos da Contabilidade rexional do INE (**cadro 3.2.2.**) indican que o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) increméntase ata os 2.824,6 millóns de euros, un 6% superior ao contabilizado no ano precedente; un incremento superior ao experimentado de media no Estado (4,1%). Tendo en conta o maior crecemento relativo do sector en Galicia, o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total do Estado aumenta dende o 10,6% de 2015 ata o 10,8% no último ano.

Tras o sinalado avance do sector primario no ano 2016, a súa achega ao valor engadido total da economía galega aumenta ata o 5,4%, case oito décimas máis que no ano anterior. Esta porcentaxe duplica ao peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2016 se sitúa no 2,6%.

Dende o punto de vista do emprego, en concreto do número de postos de traballo, tal como se observa no **gráfico 3.2.3.**, por primeira vez en toda a serie analizada, o sector primario rompe coa tendencia e incrementa o número de postos de traballo.

En base á Enquisa de Poboación Activa, a poboación ocupada nas ramas agrarias (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura) foi no 2016 de 71.400 persoas, 7.700 persoas máis que no ano anterior. Por tanto, o sector primario representa o 6,9% da ocupación estimada total en 2016. O incremento de ocupación máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, prodúcese na pesca e acuicultura, onde se estima que a ocupación aumenta en 4.100 persoas (22,6%) para situarse nas 22.200 persoas ocupadas. No caso das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza e silvicultura, tras un aumento do 7,9% (3.600 persoas), a ocupación estimada ascende ata as 49.200 persoas. A achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado foi do 9,2%.

Ademais dos datos de actividade e emprego, existe unha variable estrutural como é a distribución xeral da terra, que afecta de forma directa ás posibilidades das actividades agrícolas e gandeiras.

No que atinxe á distribución xeral da terra, no último ano parece estabilizarse o descenso da superficie agraria útil (SAU), situándose en 816 mil hectáreas, unha estabilidade consecuencia de que a redución da superficie cultivada no último ano, compénsase co incremento da superficie dedicada a prados e pasteiros.

En 2016 mantense constante a superficie forestal e redúcese a extensión dos terreos baldíos ou improdutivos. En termos comparativos co conxunto do Estado, o

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2016

	Galicia		España		Galicia / España
	(en ha.)	*(% / total)*	*(en ha.)*	*(% / total)*	*(%)*
Superficie Agraria Útil	816.296	27,6	25.253.245	49,9	3,2
Superficie cultivada	371.135	12,5	16.987.299	33,6	2,2
Cereais gran	36.885	1,2	6.294.934	12,4	0,6
Leguminosas gran	893	0,0	406.704	0,8	0,2
Tubérculos consumo humano	13.390	0,5	59.857	0,1	22,4
Industriais	-	-	1.014.879	2,0	-
Forraxeiras	227.343	7,7	1.004.088	2,0	22,6
Hortalizas e flores	2.689	0,1	236.017	0,5	1,1
Barbeitos	19.887	0,7	2.772.944	5,5	0,7
Frutais cítricos	192	0,0	297.535	0,6	0,1
Frutais non cítricos	18.681	0,6	1.093.462	2,2	1,7
Viñedos	25.950	0,9	968.769	1,9	2,7
Olivares	20	0,0	2.623.156	5,2	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	44.210	0,1	-
Viveiros	647	0,0	22.808	0,0	2,8
Invernadoiros baleiros	35	0,0	34.431	0,1	0,1
Hortos familiares	24.523	0,8	113.504	0,2	21,6
Prados e pasteiros	445.162	15,1	8.265.946	16,3	5,4
Superficie forestal	1.821.031	61,6	19.271.262	38,1	9,4
Chopo	1.115	0,0	127.497	0,3	0,9
Coníferas	318.045	10,8	5.545.419	11,0	5,7
Frondosas crecemento lento	322.538	10,9	4.133.404	8,2	7,8
Frondosas crecemento rápido	280.924	9,5	697.025	1,4	40,3
Coníferas e frondosas	273.202	9,2	1.967.439	3,9	13,9
Matorral	625.207	21,1	6.800.479	13,4	9,2
Outras superficies	320.142	10,8	6.069.039	12,0	5,3
Erial	68	0,0	901.295	1,8	0,0
Espartizal	-	-	228.455	0,5	-
Baldío	50.723	1,7	921.841	1,8	5,5
Improdutivo	35.937	1,2	934.017	1,8	3,8
Non agrícola	215.596	7,3	2.446.262	4,8	8,8
Augas interiores	17.818	0,6	637.168	1,3	2,8
Superficie total	2.957.469	100	50.593.546	100	5,8

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

3.2.4.

cadro 3.2.4. reflicte a súa desigual distribución dado que a SAU representa en Galicia o 27,6% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 49,9%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 12,5% en Galicia mentres que en España ascende ata o 33,6%.

Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 61,6% da superficie total galega, sendo esta porcentaxe do 38,1% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,4%, moi por riba do que representa a SAU (3,2%) ou a superficie cultivada (2,2%).

• Subsector agrogandeiro

A principal rama do subsector agrogandeiro en Galicia é a **produción de leite.** As explotacións lácteas xestionan o 35% da superficie agraria e xeran o 44% do output do sector. Galicia aporta case o 40% da produción total do Estado, situándose entre as 10 primeiras rexións lácteas da UE[1] .

A supresión das cotas lácteas (2015), así como a escasa

1) LOPEZ IGLESIAS Edelmiro. A cadea láctea en Galicia: retos e estratexias nun mercado liberalizado. Caderno do Sector Lácteo (nº5 2015) Consello Económico e Social de Galicia.
http://www.ces-galicia.org/sites/default/files/docs/cadernos/sector%20l%C3%A1cteo.pdf

Producción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2015-16 (1)

	2015		2016		16/15	
	(en miles de tm.)	*(%)*	*(en miles de tm.)*	*(%)*	*(%)*	*(en miles de tm.)*
Andalucía	508,6	7,5	523,5	7,6	2,9	14,9
Aragón	137,4	2,0	142,1	2,1	3,4	4,7
Asturias	559,5	8,2	562,2	8,2	0,5	2,7
Baleares	55,0	0,8	58,0	0,8	5,4	2,9
Canarias	23,9	0,4	37,2	0,5	55,9	13,3
Cantabria	447,4	6,6	440,0	6,4	-1,7	-7,4
Castela e León	866,3	12,8	866,2	12,6	0,0	-0,1
Castela-A Mancha	254,3	3,7	261,5	3,8	2,8	7,2
Cataluña	713,5	10,5	735,6	10,7	3,1	22,2
C. Valenciana	67,4	1,0	70,1	1,0	4,1	2,7
Estremadura	28,5	0,4	29,2	0,4	2,2	0,6
Galicia	2.589,9	38,1	2.603,1	37,8	0,5	13,3
Madrid	56,0	0,8	57,5	0,8	2,6	1,4
Murcia	55,5	0,8	59,9	0,9	7,9	4,4
Navarra	240,6	3,5	247,2	3,6	2,7	6,6
País Vasco	172,7	2,5	174,4	2,5	0,9	1,6
A Rioxa	16,8	0,2	18,8	0,3	12,0	2,0
Total	6.793,3	100,0	6.886,4	100,0	1,4	93,1

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais
Fonte: Consellería do Medio Rural.

3.2.5.

capacidade da industria transformadora para engadir valor ao produto final (só 26 céntimos de cada euro de VEB na produción láctea débese á industria), determina a existencia de fortes debilidades no sector que redundan en prezos que non cobren, en moitos casos, os custos de produción.

A especialización gandeira do agro en Galicia obsérvase claramente na utilización da superficie agraria. O **cadro 3.2.4.** presenta os usos da superficie agraria útil (SAU) e mostran unha orientación cara á alimentación animal, destacando, por unha banda, a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina o 61,3% da superficie cultivada e case o 28% da SAU, e, por outra, a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 54,5% da SAU.

A base territorial das explotacións agrogandeiras está limitada tanto pola superficie dispoñible como pola elevada parcelación. Esta debilidade estrutural confronta coa necesidade de mellorar a competitividade do sector agrogandeiro que está, en boa medida, vencellada á unha maior autonomía na produción de forraxes.

A produción de leite de vaca, en base ás declaracións mensuais realizadas polos compradores, increméntase lixeiramente en Galicia no ano 2016, ao rexistrarse unha medra do 0,5% en relación ao ano anterior (13,2 mil toneladas máis). O volume de leite producido ascende ata as 2.603 miles de toneladas, o que supón o 37,8% da produción total de leite do Estado español, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora nacional, triplicando a produción de Castela-León, segunda Comunidade por volume de produción.

O prezo medio por litro de leite percibido polo produtor en Galicia redúcese novamente no ano 2016, o prezo medio ponderado do leite redúcese un céntimo no ano 2016 tanto en Galicia como no conxunto do Estado Como reflicte o **cadro 3.2.6.**, no último ano o seu prezo situouse en 28,2 céntimos de euro, fronte aos 30 céntimos por litro de media en España, polo que o diferencial coa media española ascendeu a 1,8 céntimos.

Analizando a evolución mensual do prezo do leite, o **gráfico 3.2.7.** mostra como o prezo en Galicia está sempre por debaixo dos prezos mensuais en España ou Francia. Por outra banda, o prezo máximo por litro de leite acádase no mes de decembro, mes no que o diferencial de prezo Galicia/UE-15 é de case catro céntimos de euro.

A importancia da **agricultura ecolóxica** é cada vez maior, tanto cualitativamente como cuantitativamente,


Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-16 (1)

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
				(en céntimos por litro)			
Galicia	28,90	31,00	30,10	34,90	35,10	28,80	28,20
España	30,30	32,30	31,80	35,30	36,20	31,00	30,00
Diferencial Galicia / España	-1,40	-1,30	-1,70	-0,40	-1,10	-2,20	-1,80

(1) prezos medios ponderados sen impostos
Fonte: Consellería do Medio Rural

3.2.6.

Evolución prezo do leite (€/100kg) 2016



Fonte: European Comision, *Milk Market Observatory* e Consellería do Medio Rural

3.2.7.

ademais dos beneficios que estas actividades levan asociadas á fixación de poboación no rural. O crecemento e importancia das actividades relacionadas coa agricultura ecolóxica leva a que actualmente se estea traballando, por parte da Administración e do sector, na elaboración dun plan estratéxico de agricultura ecolóxica, que deseñe as liñas fundamentais de fomento e promoción desta actividade para o futuro.

A agricultura ecolóxica enténdese como un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. A superficie inscrita como ecolóxica en Galicia pasa de 20.306 ha no ano 2015 a 27.717 ha no ano 2016, o que supón un crecemento do 36,5%. Por provincias, o maior crecemento dáse en A Coruña e Lugo, onde a superficie medra nun 94,2% e 43,5% respectivamente, con incrementos do 36% e 23% en Pontevedra e Ourense.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que máis da metade da superficie inscrita está dedicada a pastos e prados permanentes, con 12.323,5 ha, seguido de terreo forestal con carga gandeira e/ou pecoreo (9.287,2 ha) e terreo forestal e plantas silvestres (sen uso gandeiro) con 2.156 ha e o dedicado a castañas, con 1.756 ha.

No ano 2016 o número de inscritos no rexistro de Agricultura Ecolóxica de Galicia incrementouse un 18,5%, así mesmo o número de operadores aumentou un 18% acadando os 945, dos que 751 son produtores, e 194 elaboradores.

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) medrou no ano 2016 case un 26%, acadando os 41,8 millóns de euros. A leite e os seus derivados foron os que máis volume de ventas certificadas obtiveron, con 12,2 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 6,8 e 5,5 millóns de euros respectivamente.

Actividade pesqueira e marisqueira 2015-16: distribución segundo grandes grupos de especies

	Produción			Valor		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Total	180.309.145	187.664.642	4,1	457.426.414	486.777.867	6,4
Algas	450.217	420.045	-6,7	304.447	243.219	-20,1
Bivalvos	7.738.382	7.930.181	2,5	63.718.442	69.297.917	8,8
Cefalópodos	5.059.595	6.961.975	37,6	18.936.982	29.248.579	54,5
Crustáceos	977.477	1.037.708	6,2	16.344.596	19.064.347	16,6
Equinodermos	639.836	735.377	14,9	2.504.871	3.643.677	45,5
Gasterópodos	2.404	6.129	155,0	8.242	19.545	137,1
Peixes	165.048.581	170.219.900	3,1	354.686.168	364.325.041	2,7
Poliquetos	-	-		-	-	
Resto das descargas	392.656	353.328	-10,0	922.665	935.542	1,4
A Coruña	95.837.982	97.447.599	1,7	172.850.264	177.191.226	2,5
Algas	46.671	81.419	74,5	34.188	37.089	8,5
Bivalvos	4.109.415	3.654.453	-11,1	29.372.638	28.394.939	-3,3
Cefalópodos	2.493.978	3.591.257	44,0	9.392.709	14.742.034	57,0
Crustáceos	585.941	658.976	12,5	9.201.901	11.005.865	19,6
Equinodermos	303.523	370.238	22,0	991.442	1.610.525	62,4
Gasterópodos	501	1.112	121,9	1.318	3.294	149,9
Peixes	88.166.997	88.958.281	0,9	123.653.038	121.196.283	-2,0
Poliquetos	-	-		-	-	
Resto das descargas	130.957	131.863	0,7	203.031	201.198	-0,9
Lugo	40.749.494	39.771.789	-2,4	127.081.283	128.884.167	1,4
Algas	-	-		-	-	
Bivalvos	6.547	16.562	153,0	20.597	23.876	15,9
Cefalópodos	341.823	438.666	28,3	1.348.945	1.516.221	12,4
Crustáceos	50.615	65.256	28,9	800.722	1.063.600	32,8
Equinodermos	18.579	33.693	81,3	72.772	119.587	64,3
Gasterópodos	1.354	1.660	22,6	2.816	3.614	28,4
Peixes	40.154.848	39.020.206	-2,8	124.269.633	125.550.734	1,0
Poliquetos	-	-		-	-	
Resto das descargas	175.728	195.747	11,4	565.798	606.535	7,2
Pontevedra	43.721.669	50.445.254	15,4	157.494.867	180.702.475	14,7
Algas	403.546	338.626	-16,1	270.258	206.130	-23,7
Bivalvos	3.622.420	4.259.166	17,6	34.325.207	40.879.103	19,1
Cefalópodos	2.223.793	2.932.052	31,8	8.195.329	12.990.325	58,5
Crustáceos	340.921	313.476	-8,1	6.341.974	6.994.882	10,3
Equinodermos	317.734	331.446	4,3	1.440.658	1.913.565	32,8
Gasterópodos	548	3.357	512,5	4.108	12.637	207,6
Peixes	36.726.737	42.241.413	15,0	106.763.497	117.578.024	10,1
Poliquetos	-	-		-	-	
Resto das descargas	85.971	25.718	-70,1	153.836	127.809	-16,9

Consulta a 3 de febreiro de 2017
Fonte: Consellería do Mar.

3.2.8.

En termos de incremento de volume de negocio, compre salientar o experimentado pola acuicultura e recolleita de algas que, no último ano, incrementou o valor da súa produción certificada nun 68,7%.

• Subsector mar-industria

O número de embarcacións operativas con porto base en Galicia á data do 31 de decembro de 2016 é de 4.430 en terceira lista e 1.277 en cuarta lista, segundo indican os datos do Rexistro de Buques de Galicia.

No referido ás embarcacións da terceira lista, buques de pesca extractiva e marisqueo, o cómputo global de 2016 amosa a continuidade na tendencia dos últimos anos en relación á caída no número de unidades, cun moderado descenso do 0,18% con respecto a 2015. Nembargantes, en relación aos indicadores de capacidade da frota no ano 2016, identifícase un cambio de tendencia, dado que tanto o arqueo (Gt)como a potencia (Cv) incrementan os valores respecto de 2015, nun 1% e un 1,5% respectivamente. Estes resultados son consecuencia da progresiva modernización da frota

Actividade pesqueira e marisqueira 2015-16: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Vigo	32.137.028	38.072.609	18,5	103.358.953	115.874.932	12,1
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	39.650.200	39.937.770	0,7	78.233.764	75.717.998	-3,2
Burela	24.790.762	23.311.302	-6,0	74.590.638	75.882.643	1,7
Celeiro	15.940.191	16.430.951	3,1	52.337.003	52.845.681	1,0
Ribeira	27.708.467	31.759.809	14,6	32.953.919	43.024.689	30,6
Noia	2.237.489	1.405.850	-37,2	12.681.504	8.093.134	-36,2
Portosín	9.986.618	7.981.176	-20,1	7.867.190	4.986.033	-36,6
Cedeira	1.556.959	1.585.609	1,8	7.436.373	7.776.986	4,6
O Grove	761.754	862.594	13,2	7.275.319	8.706.127	19,7
Carril	822.934	1.143.346	38,9	6.948.981	8.013.159	15,3
Cambados	1.840.443	2.124.260	15,4	6.586.340	8.234.704	25,0
A Illa de Arousa	719.497	703.541	-2,2	6.037.368	6.764.555	12,0
Camariñas	5.281.661	3.237.801	-38,7	5.174.266	3.603.778	-30,4
Malpica	3.713.497	1.959.236	-47,2	4.579.434	2.840.754	-38,0
Muros	1.788.825	4.395.236	145,7	3.554.112	6.416.539	80,5
Vilanova	364.938	364.363	-0,2	3.512.979	3.985.026	13,4
Cangas	584.789	591.641	1,2	3.305.619	4.111.368	24,4
Campelo	333.972	420.845	26,0	3.119.171	3.694.991	18,5
Marín	1.221.071	1.429.659	17,1	3.083.798	3.115.102	1,0
Rianxo	321.066	514.814	60,3	2.873.699	3.638.138	26,6

Consulta a 3 de febreiro de 2017
Fonte: Consellería do Mar.

3.2.9.

pesqueira, con embarcacións cada vez de maior porte. Pola súa banda, á frota do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste diminúe en 4 unidades en 2016 respecto á situación do ano anterior.

De xeito similar ao presentado nos últimos anos, o segmento de frota máis significativo na frota pesqueira galega é o de artes menores, cunha cifra de 3.930 embarcacións, xeralmente de pequeno porte, cunha eslora media de 6,38 metros, que se dedican a unha pesca multiespecífica por medio dunha ampla variedade de artes que utilizan en función da especie obxectivo. Se nos fixamos nos portos base destas embarcacións, a maior parte concéntranse na zona III-Arousa (41,53%), seguida das zonas IV-Muros (14,86%) e I-Vigo (14,12%).

No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura a 31 de decembro de 2016 sumaban 1.275 unidades, principalmente concentrada, desde o punto de vista xeográfico, na zona III-Arousa (69,85%).

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas mostra no ano 2016 un aumento tanto do seu volume de produción (4,1% máis) como na súa facturación (6,4% máis). Tras estes incrementos, o volume de produción acada os 187,6 miles de toneladas, ascendendo o seu valor ata os 486,8 millóns de euros. Tanto por volume como por valor, os peixes seguen a ser o grupo de especies máis importante, ao representar o 90,7% da produción e o 74,8% do valor total en primeira venda. A pesar de que no último ano a produción e facturación de peixe se incrementa, o seu peso no total da actividade pesqueira e marisqueira diminúe, como consecuencia da maior diversificación do sector, en especial cara aos cefalópodos, que incrementan en máis dun 50% a facturación rexistrada no ano anterior (**cadro 3.2.8.**).

A lonxa do porto de Vigo continúa sendo a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 115,9 millóns de euros, un 12,1% máis que no ano anterior. En termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con 39,9 miles de toneladas no ano 2016, seguida da lonxa de Vigo, con 38,1 miles de toneladas. Comparado coa actividade no conxunto da Comunidade Autónoma, a lonxa do porto de Vigo acolle o 25,9% do

Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2015 (1)

	Nº de empresas(3)	Asalariados		Non asalariados		Total	
		(UTA) (2)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
Andalucía	90	611	802	32	62	643	864
Aragón	5	43	51			43	51
Asturias	14	64	78	10	23	73	101
Baleares	9	84	89	7	32	91	121
Canarias	16	220	245	2	2	222	247
Cantabria	10	57	69	11	19	68	88
Castela-A Mancha	16	45	54	1	1	46	55
Castela e León	15	146	155	4	5	150	160
Cataluña	76	289	1.041	49	121	339	1.162
C. Valenciana	24	238	368	1	2	239	370
Estremadura	66	31	102	0	8	31	110
Galicia	42	1.770	4.525	2.719	9.814	4.489	14.340
Madrid	9	-	-	-	-	-	-
Murcia	10	313	327	-	-	313	327
Navarra	3	13	20	1	1	14	21
País Vasco	4	16	21	-	-	16	21
A Rioxa	3	37	39	-	-	37	39
Total	412	3.976	7.986	2.837	10.090	6.812	18.076

(1) Agás as de cultivo de mexilón en bateas e os parques de cultivo de Galicia
(2) UTA: unidades de traballo anual
(3) O número de empresas está a 2014
Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.2.10.

Valor da produción acuícola en Galicia 2014-15: distribución segundo destino xeográfico

	2014			2015		
	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4
	(en miles de euros)			(en miles de euros)		
Total	201.774,4	22.555,5	179.218,9	204.598,6	22.250,6	182.348,1
Misma Comunidade Autónoma	133.884,7	13.609,0	120.275,7	123.624,1	13.177,7	110.446,4
Distinta Comunidade Autónoma	25.481,3	1.181,3	24.299,9	27.296,6	1.063,7	26.232,9
Outro país da Unión Europea	29.779,7	3.346,9	26.432,8	40.119,1	2.943,5	37.175,6
Terceiros países	12.628,7	4.418,2	8.210,5	13.558,9	5.065,7	8.493,2

(1) Fase 1: Posta; Fase 2: Incubación e/ou cría; fase 3: Preengorde de semilleiro; Fase 4: Engorde talla comercial; talla 5: Engorde a madurez sexual
Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio ambiente. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.2.11.

valor total (21,4% da produción) e a de A Coruña representa o 22,4% da produción (16,9% do valor total). As diferenzas de valor das especies vendidas nas lonxas de Vigo e A Coruña (Lonja Coruña, S.A.) explican este maior valor xerado na lonxa de Vigo malia o maior volume negociado na lonxa de A Coruña (**cadro 3.2.9.**).

A **acuicultura** en Galicia no ano 2015 (último dato dispoñible) presenta, tal como se observa no **cadro 3.2.10.**, un bo comportamento ao experimentar tanto un incremento do emprego, medido en unidades de traballo anual (UTA), como do valor da súa facturación. No que á ocupación se refire, o sector acolle un total de 14.340 empregos (4.489 UTA), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o 79,3% do emprego do sector a nivel estatal e o 65,9% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Cataluña, con 1.162 persoas empregadas.

O valor da produción acuícola aumentou un 1,4%, para situarse en 2015 nos 204,6 millóns de euros. O 60% deste importe xérase na propia Comunidade Autónoma, seguido do valor xerado cos produtos dirixidos á UE, cun 19,6%. Comparado co ano anterior, redúcese en case seis puntos porcentuais o peso relativo do mer-

Axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2016

			Galicia	España	Galicia/España
					(%)
Pago de fondos UE					
FEAGA (1)	*exercicio 2016 (acumulado outubro)*	*(en millóns de euros)*	180,4	5.498,2	3,28
Axudas leite e productos lácteos			9,9	15,2	65,13
FEADER (2)**+ importe nacional**	*exercicio 2015 (16/10/14 ao 15/10/15)*		159,0	1.646,4	9,66
Dereitos de pago único					
Beneficiarios			30.381	783.150	3,88
Dereitos			393.941	19.396.829	2,03
Importe total dos dereitos	*(actualización a decembro de 2016)*	*(en millóns de euros)*	72,9	2.783,7	2,62
Importe pago verde			37,7	1.438,8	2,62
Valor medio segundo dereito		*(en euros)*	185,0	143,5	
Valor medio segundo beneficiario			2.399,0	3.555,0	
Pagos Fondo Europeo da Pesca (FEP)					
FEP	*(actualización a decembro de 2016)*	*(en millóns de euros)*	49,2	108,9	45,13
Gasto Público (FEP+Axuda AGE+Axuda CA+Outras axudas)			65,5	150,4	43,59

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía
(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, *Análisis y prospectiva en medio ambiente, agricultura, pesca, alimentación y desarrollo rural*

3.2.12.

cado galego e increméntase en case cinco puntos porcentuais o peso do valor da produción con destino no mercado europeo (agás España).

• Axudas comunitarias

A partir do ano 2015 comeza a aplicarse a nova PAC, coa introdución da figura do agricultor activo, como condición para acceder ás axudas, a substitución do réxime de axudas de pagos únicos por un réxime de pagos básicos, o establecemento dun réxime de pagos ecolóxicos ou greening ou o establecemento dun réxime de pagos para xoves agricultores así como un réxime de pagos acoplados.

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2016 increméntanse en máis de 25 millóns de euros, ata o 180,4 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) aumentando ata os 159 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). En relación ao importe total en España, estes pagos representan o 3,3% do total estatal para o FEAGA e o 9,7% no caso do FEADER (**cadro 3.2.12.**).

O número total de beneficiarios dos dereitos de pago único redúcese en case seis mil persoas no último ano, acadando un total de 30.381 beneficiarios, o 3,9% do total estatal. O valor medio dos dereitos de pago único por beneficiario en Galicia tamén se reduce, sitúase en 2.399 euros, un 25% inferior ao ano anterior e un 32,5% inferior á media no Estado (3.555 euros).


En canto aos pagos certificados e remitidos á Comisión no ano 2016 correspondentes ao Fondo Europeo de Pesca, o gasto público total (Fondo Europeo de Pesca, axudas estatais e das Comunidades Autónomas e outras axudas europeas) ascendeu en Galicia a 65,5 millóns de euros, o que supón o 43,6% do total estatal.

• Comercio exterior a terceiros países de produtos alimenticios

O valor total das exportacións de produtos agroalimentarios experimenta no ano 2016 novamente un forte crecemento (7,7% en relación ao ano anterior) para situarse nos 2.657,1 millóns de euros, o que supón o 6,2% do total estatal. Entre os diferentes produtos sobresae a importancia relativa dos peixes, crustáceos e moluscos, que cun valor de 1.300 millóns de euros representan o 47% das exportacións españolas destes produtos, seguido das exportacións galegas de conservas de carne o peixe, que representan o 44% das exportacións estatais destes produtos.

As importacións presentan un maior dinamismo que as exportacións en termos de valor, acadando no último ano un total de 3.224,2 millóns de euros (16,5% máis

VEB e emprego na industria (1)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-03-2017)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

3.2.13.

que no ano precedente), o que supón o 10% do valor total das compras españolas de produtos agroalimentarios. Ao igual que no caso das exportacións, os produtos máis importantes corresponden aos peixes, crustáceos e moluscos, que con 1.980 millóns de euros, representan o 35% das importacións estatais destes produtos, seguido neste caso polo sector de preparación de carne, peixe ou crustáceos, co 36% (373,9 millóns).

Sector industrial

O conxunto do sector industrial, incluída a enerxía, en base aos datos da Contabilidade trimestral de Galicia (IGE) presentou no último ano unha expansión da súa actividade rexistrando unha taxa de variación interanual positiva do 2,5%, catro décimas máis que no ano anterior. Dentro deste sector, cómpre resaltar o incremento da industria manufactureira, que se comporta como o subsector máis dinámico cunha medra do 3,5%, 1,1 puntos porcentuais menos de avance que no ano anterior.

Nos catro trimestres do ano 2016, a variación interanual do VEB da industria é positiva, [*cadro 1.2.2. PIB 2015-16: distribución segundo as súas compoñentes*], aínda que se observa unha notable ralentización no crecemento a partir do primeiro trimestre do ano. O VEB das ramas industriais medra un 5,6% no primeiro trimestre de 2016 en relación ao mesmo trimestre no ano anterior, variacións que promedian un 1,5% de crecemento nos trimestres posteriores. A tendencia na industria manufactureira é semellante, acadando un crecemento do 6,5% no primeiro trimestre, que se reduce en torno ao 3% nos trimestres posteriores.

En termos absolutos, o valor engadido bruto xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2016 ata os 10.569,1 millóns de euros segundo os datos publicados polo INE na Contabilidade rexional de España, o que representa o 5,9% do total estatal. Esta porcentaxe mantén a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior peso, por detrás de Cataluña (22,7%), Madrid (11,5%), a Comunidade Valenciana (10,6%), o País Vasco (10,1%), Andalucía (9,5%), e Castela e León (6,4%).

O sector industrial achega o 16,6% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo o 12,4% no caso da industria manufactureira. Estas porcentaxes son lixeiramente superiores ás rexistradas no conxunto do Estado para o sector industrial (incluída a enerxía) que representa o 16,1% do PIB, e inferiores no caso da industria manufactureira, que no conxunto do Estado supón o 12,8% do PIB a prezos correntes.

O índice de produción industrial (IPI) é un indicador de carácter conxuntural que mide a evolución experimen-


Índice de produción industrial de Galicia e España 2016

	Galicia			España		
	índice	variacións 2016 (1) (%)	variacións Interanual decembro (2) (%)	índice	variacións 2016 (1) (%)	variacións Interanual decembro (2) (%)
Xeral	83,1	4,1	-2,1	87,8	1,6	-1,4
Bens de consumo	96,8	5,5	10,8	87,4	1,7	-2,9
B. consumo duradeiro	104,8	19,8	21,2	63,9	0,9	2,6
B. consumo non duradeiro	96,2	4,7	10,0	90,2	1,7	-3,4
Bens de equipamento	58,3	-0,6	-16,6	92,2	3,1	-5,4
Bens intermedios	80,7	6,0	-2,2	83,2	2,0	1,9
Enerxía	111,5	5,0	0,2	91,4	-0,7	0,5

Consulta a 10 de abril de 2017
(1) variación no que vai de ano
(2) taxa de variación interanual
Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.2.14.

Índice de produción industrial en Galicia e España 2010-16



Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.2.15.

tada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. Como se reflicte no **cadro 3.2.14.**, este indicador presenta ao longo do ano 2016 unha medra do 4,1%, unha variación moi superior á rexistrada no conxunto do Estado (1,6%), así como unha taxa de variación interanual do –2,1% en relación ao 2015.

Atendendo ao destino económico dos bens, no último ano todos os subsectores rexistraron en Galicia un incremento agás no caso das actividades de equipo (–0,6%). Dunha banda, os bens de consumo duradeiro presentaron a medra máis acusada, cun 19,8% en relación ao ano anterior, seguido polos bens intermedios cun 6%, e pola enerxía, cun incremento do 5%. Doutra banda, ao igual que no ano anterior, no conxunto do Estado descenden os bens enerxéticos co –0,7%.

O IPI correspondente ao conxunto das ramas da industria manufactureira galega presenta no último ano unha caída do 1,9% respecto ao ano anterior (–1,6% no conxunto do Estado). Sen embargo, tal como se reflicte no **cadro 3.2.16.**, as taxas de variación anual de 2016 en relación ao ano anterior mostran importantes avan-

Índice de produción industrial 2016: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións 16/08		Variacións 16/15	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)		(%)	
Total	-16,3	-8,8	-2,1	-1,4
B Industrias extractivas	-55,0	*	-9,9	-12,4
08 Outras industrias extractivas	-55,0	-57,8	-9,9	-10,3
C Industria manufactureira	-17,5	*	-1,9	-1,6
10 Industria da alimentación	7,7	0,7	6,5	-3,1
11 Fabricación de bebidas	30,5	-6,8	0,0	-3,1
13 Industria téxtil	-31,8	9,3	18,1	2,7
14 Confección de roupa de vestir	-32,2	-37,6	21,7	-5,7
15 Industria do coiro e do calzado	*	-13,7	*	-2,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	-14,2	-27,0	4,3	2,6
17 Industria do papel	8,3	11,4	-5,3	0,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-100,0	-39,4	*	-7,3
19 Coquerías e refinación de petróleo	-100,0	13,8	*	3,6
20 Industria química	66,0	32,8	6,3	0,7
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	*	14,8	*	-0,9
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-3,0	28,3	-1,0	2,1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	0,9	-30,7	-14,5	0,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	-13,7	27,4	-6,4	10,3
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-10,6	-27,0	9,3	1,5
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	-30,9	*	-10,0
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-47,7	-23,4	-1,0	-1,9
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-50,3	-8,4	-41,1	7,2
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	6,3	73,1	-5,1	-16,4
30 Fabricación doutro material de transporte	-68,6	-40,7	-30,0	2,3
31 Fabricación de mobles	2,1	-39,6	21,5	6,5
32 Outras industrias manufactureiras	129,5	30,0	-0,9	-8,9
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	*	-58,3	0,3	-5,7
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-8,3	*	-3,3	0,4
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-8,3	-18,0	-3,3	0,4
36 Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	-1,3

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe
Fonte: IGE, *Índice de produción industrial*

3.2.16.

ces na industria de confección de prendas de vestir (21,7%), na industria de fabricación de mobles (21,5%) ou na industria téxtil (18,1%), fronte ao descenso do 41,1% no índice de produción industrial das actividades de fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n..

En termos de emprego industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro reflicten que en 2016 ráchase a tendencia descendente rexistrada dende o comezo da crise económica. O sector industrial en Galicia tiña no último ano un total de 136.523 afiliacións, 3.359 máis que a 31 de decembro de 2015. O aumento nas afiliacións no sector industrial basease en aumentos xeneralizados nas diferentes ramas de actividade, pero destacan pola súa importancia cuantitativa, os aumentos na industria da alimentación (953 afiliacións máis), na fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento (699 afiliados máis) ou nas ramas de reparación e instalación de maquinaria e equipamento e no fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, con case 350 afiliacións máis nos dous casos.

Por contra, as maiores reducións prodúcense no caso da fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. (688 afiliacións menos).

Os indicadores de confianza empresarial son unha medida, elaborada en base ao Directorio de empresas do IGE, que permite coñecer a opinión das persoas responsables das empresas sobre a evolución no trimestre de referencia e no trimestre seguinte dun conxunto de variables que fan referencia á actividade empresarial. O indicador de confianza empresarial amosa a percep-

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2014-16 (1)


	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA
2014						
I	-27,9	-31,9	110,3	-25,8	-28,7	113,9
II	-29,8	-17,5	114,3	-26,3	-14,8	118,3
III	-19,8	-11,0	119,7	-15,4	-11,7	123,0
IV	-12,9	-16,6	120,1	-13,7	-12,8	123,2
2015						
I	-22,7	-24,9	114,3	-11,7	-14,9	123,2
II	-19	-7,9	120,9	-11,6	0,1	128,1
III	-2,7	-0,8	128,6	-1,9	-0,4	131,2
IV	-1,9	-6,2	127,1	-0,3	-1,3	131,4
2016						
I	-7,2	-13,5	123	-0,1	-6,5	129,7
II	-11,7	-3,8	124,6	-6,2	1,9	130,5
III	-7	-4,0	126,1	-1,2	-1,1	131,2
IV	2,7	-8,4	127,8	0,1	-1,7	131,4

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEA = Índice de Confianza Empresarial HArmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.2.17.

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2013-16



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.2.18.

Vendas de produtos da industria manufactureira 2015: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor		
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(Galicia/España)*
Alimentación, bebidas e tabaco	6.317.887	24,2	7,4
Textil e confección	1.150.080	4,4	16,3
Coiro e calzado	159.836	0,6	4,9
Madeira e cortiza	804.026	3,1	20,2
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	579.434	2,2	3,8
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	2.612.448	10,0	4,0
Manufacturas de caucho e plástico	721.083	2,8	4,6
Produtos minerais non metálicos	593.105	2,3	4,9
Produción, 1º transformación e fundición de metais	1.904.099	7,3	8,0
Produtos metálicos	1.147.462	4,4	5,0
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	411.492	1,6	3,1
Maquinaria e equipo	642.239	2,5	4,2
Material de transporte	6.100.510	23,4	9,8
Mobles e outras industrias manufactureiras	353.542	1,4	5,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	810.154	3,1	8,0
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.812.184	6,9	9,3

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

3.2.19.

ción subxectiva do empresariado sobre a evolución futura das súas actividades. Neste senso, o Índice Galego de Confianza Empresaria (**cadro 3.2.17.**) amosa que as expectativas dos empresarios sobre o trimestre entrante seguen a ser desfavorables e máis negativas que no conxunto do Estado.

O índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) reflicte, tanto a nivel galego como estatal, unha mellora ao longo do ano 2015, de xeito que se sitúa no cuarto trimestre no mesmo valor que no cuarto trimestre do ano anterior. Como se mostra no **cadro 3.2.18.**, Galicia mantén un ICEH inferior ao de España ao longo de todo o período 2015-2016.

Outra variable que permite observar a evolución do sector industrial son ás vendas da produción da industria manufactureira galega, **cadro 3.2.19.** Estas vendas medraron no ano 2015 (último dispoñible) un 2,4% respecto ao ano anterior, acadando un valor de 26.119 millóns de euros, o 6,8% do total estatal. As agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia corresponden ás actividades de alimentación, bebidas e tabaco (24,2% do total), material de transporte (23,4%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (10%).


Tendo en conta o seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan un 20,2% e 16,3% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente. Séguenlle as actividades de material de transporte, que supoñen o 9,8% das vendas totais estatais desta agrupación.

Antes de analizar os tres subsectores considerados estratéxicos na economía galega (enerxético, automoción e naval), cómpre sinalar a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais. Ao longo dos últimos anos, o prezo da electricidade en España sitúase por riba da media europea reducíndose o diferencial a medida que o rango de consumo é superior. Os consumidores domésticos, con consumos entre 2,5 e 5 MWh, pagan en España no segundo semestre de 2016 un 27% máis por cada KWh que na media da UE-28. Os consumidores industriais, con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh pagan en España un 18,2% máis por KWh consumido que na UE-28.

- **Subsector enerxético**

Os datos proporcionados por REE (Red Eléctrica Española) para 2015 (último dispoñible) mostran que a xeración neta de enerxía eléctrica en Galicia acadou os 29.674 GWh, o 11,1% do total estatal; correspondéndolle o cuarto posto entre as Comunidades con unha

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2008-16



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

3.2.20.

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2015-16

2015

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	2.487.104	240.596	1.868.782	377.726
A Coruña	1.104.468	98.216	717.225	289.027
Lugo	401.180	28.403	326.188	46.589
Ourense	315.778	27.984	262.076	25.717
Pontevedra	665.679	85.992	563.293	16.393
España	34.308.457	4.646.980	27.558.661	2.102.817
Galicia/España *(%)*	7,2	5,2	6,8	18,0

2016

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	2.474.920	241.856	1.879.339	353.725
A Coruña	1.103.729	98.326	711.703	293.700
Lugo	373.021	28.089	326.956	17.977
Ourense	314.619	28.516	259.489	26.615
Pontevedra	683.551	86.925	581.192	15.434
España	35.204.784	4.752.117	28.231.509	2.221.158
Galicia/España *(%)*	7,0	5,1	6,7	15,9

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.2.21.


maior porcentaxe de xeración eléctrica, por detrás de Cataluña, Andalucía e Madrid.

A demanda de enerxía en Galicia é de tan só 19.718 GWh, o 7,5% da enerxía inxectada na rede a nivel nacional, polo que no ano 2015 o saldo de intercambios ten signo negativo, rexistrándose un saldo exportador de 9.721 GWh.

En relación ao tipo de xeración, o 37% da xeración neta total en Galicia procede do carbón, seguido do 29% da produción de enerxía eólica e do 22% da hidráulica. O 51,8% da xeración de enerxía eléctrica en Galicia no ano 2015 procede de fontes renovables.

No concernente á evolución anual da enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeneración e resi-

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-16 (1)



(1) facturación en millóns de euros
Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.2.22.

duos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un descenso da enerxía vendida manténdose estable a potencia instalada. No ano 2016 vendéronse un total de 12.308 xigavatios, un 5,3% menos que no exercicio precendente, o que contrasta co leve aumento do 0,3% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, Galicia sitúase como a terceira Comunidade con maior enerxía vendida (12,5% do total estatal) tras Andalucía e Castela e León (17,8% e 14,8%, respectivamente).

Doutra banda, a potencia instalada é de 4.549 megavatios, o que representa o 11,3% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia ocuparía o cuarto lugar, por detrás de Castela e León, Andalucía e Castela–A Mancha.

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 58,3% da enerxía vendida en Galicia en 2016 (7.223 xigavatios) corresponde á eólica mentres que a coxeneración representa o 22,6% (2.799 xigavatios). Estas dúas fontes enerxéticas tamén son as máis relevantes no conxunto do Estado, se ben a súa importancia relativa é do 48,2% no caso da eólica e do 24,3% no da coxeneración.

No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma, no ano 2016 continúa a tendencia descendente de anos anteriores. Neste senso, e a diferenza do que aconteceu no Estado, a demanda de produtos petrolíferos experimentou unha diminución do 0,5% respecto ao ano anterior (medra un 2,6% en España), acadando as 2.474,9 miles de toneladas métricas, o que representa o 7% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.2.21.**, o devandito descenso prodúcese, na súa totalidade, no consumo de fuel óleos (6,4% menos), incrementándose o de gasolinas (0,5%) e o de gasóleos (0,6%).

Os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 75,9% do consumo total en Galicia (en torno ao 80% en España), sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo do 14,3%, oito puntos porcentuais superior ao do Estado, e do 9,8% no caso das gasolinas (13,5% no conxunto do Estado).

• Industria da automoción

Neste apartado analízanse os principais datos dispoñibles da industria da automoción en Galicia.

En primeiro lugar valoraremos o sector da automoción entendendo como tal o conxunto de empresas cuxa actividade principal é a Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (división 29 da CNAE 2009), que comprende a fabricación de vehículos de motor, así como as súas partes e pezas.

Partindo dos datos das *Contas económicas anuais. Base 2010* publicadas polo IGE, a rama de actividade de fabricación de vehículos e compoñentes tivo unha produción en Galicia no ano 2014 (último dispoñible) de 7.300 millóns de euros e xerou 16.387 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 2,8% do valor engadido bruto xerado na economía galega no ano 2014, e o 1,5% do emprego.

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-16: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*


3.2.23.

A dimensión desta rama de actividade na economía galega obsérvase claramente ao analizar o peso que teñen as distintas ramas de actividade dentro do sector industrial. Neste senso, no ano 2014, a fabricación de vehículos e compoñentes representa o 20,2% do VEB industrial galego, once puntos porcentuais máis que a fabricación de produtos metálicos agás maquinaria e equipamento, segunda rama dentro da industria por volume de valor engadido.

En segundo lugar, o sector da automoción pode valorarse en base aos datos facilitados por Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA). As empresas que compoñen o clúster de automoción facturaron en 2016 un total de 8.320 millóns de euros, un 1,5% máis que no ano anterior, o que representa a cifra máis elevada dende 2008 e o 14% do PIB galego. Neste último ano o 69% do total facturado (5.740 millóns de euros) procede da exportación.

No que atinxe ao emprego, as 113 empresas membros do clúster contaban a 31 de decembro de 2016 cun

VEB e emprego na construcción 2008-2016 (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 09-03-2016)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

3.2.24.

total de 19.850 empregos directos, 750 empregos máis, un 4% máis que na mesma data do ano anterior, o que supón en torno ao 12% do emprego industrial en Galicia. Incluíndo os empregos indirectos o sector conta con 45.100 empregos totais.

A produción de vehículos en Galicia representou en 2016 cerca do 15% da produción estatal, porcentaxe que sitúa á factoría de Vigo PSA Peugeot Citroën como a segunda planta con maior produción de España, tras Seat Martorell.

Finalmente, os datos do Ministerio do Interior mostran un incremento nas matriculacións de vehículos no último ano acadando os 56.618 vehículos, o que representa o 3,6% do total estatal en 2016. En relación ao ano anterior, as matriculacións en Galicia increméntanse un 7,4%, case 4.000 vehículos matriculados máis. Este incremento de matriculacións concéntrase fundamentalmente na provincia de A Coruña, co 67% do total de novas matriculacións e co 48% dos vehículos matriculados en Galicia no ano 2016.

• Industria naval

Galicia recupera no ano 2016 o primeiro posto en comparación co resto das CC.AA. en canto ao número de novos contratos e de pedidos na súa carteira a 31 de decembro de 2016, por diante do País Vasco, Asturias e Andalucía. Dunha banda, os estaleiros galegos pecharon o ano 2016 sumando un total de 11 novos contratos, fronte aos 7 de Asturias, os 2 do País Vasco ou Andalucía, que non pechou ningún novo contrato en 2016. Doutra banda, a carteira de pedidos dos estaleiros galegos ascende considerablemente no último ano ao acadar un total de 23 buques, catro máis que en 2015, o que representa o 38,3% do total estatal, por riba dos 18 rexistrados no País Vasco, ascendendo en Asturias e Andalucía ata 15 e 4, respectivamente.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probas oficiais), reflicte que o arqueo bruto compensado dos estaleiros galegos superou no último ano as 34 mil CGT, por detrás do rexistrado no País Vasco, con case 36 mil CGT e moi similar ao de Asturias, con 34 mil CGT. En relación ao total estatal, Galicia representa o 33% do arqueo bruto, porcentaxe similar en Asturias, e inferior ao 34% do País Vasco.

Comparando a situación da construción naval nos estaleiros galegos entre os anos 2008 e 2016, **cadro 3.2.23.**, obsérvase un notable descenso do índice de actividade, medido en toneladas de rexistro netas (GT), dos novos contratos. Este indicador mostra o seu nivel más baixo no ano 2016, onde a pesar de incrementarse a carteira de pedidos diminúe o arqueo dos mesmos. O arqueo dos barcos construídos nos estaleiros galegos pasou de 125 mil GT no ano 2008 (303 mil toneladas brutas CGT), a 15.150 GT no ano 2016.

Construción

O valor engadido bruto do sector da construción aumentou un 3,1% de media anual, sendo o incremento

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2015-16: distribución segundo tipo de obra

Obra nova

	Galicia			España		
	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)
Total edificios	1.130	1.240	9,7	21.223	23.977	13,0
Uso residencial	949	1.027	8,2	17.052	19.801	16,1
Servizos comerciais	41	52	26,8	1.335	1.462	9,5
Uso industrial	21	33	57,1	349	350	0,3
Outros	119	128	7,6	2.487	2.364	-4,9

Obras de ampliación

	Galicia			España		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
Total edificios	120	154	28,3	2.239	2.876	28,5
Vivendas	74	109	47,3	1.394	1.993	43,0
Outros	46	45	-2,2	845	883	4,5

Obras de reforma e/ou restauración

	Galicia			España		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
Total edificios	1.390	1.394	0,3	31.285	31.615	1,1
Vivendas	1.057	1.107	4,7	25.288	25.880	2,3
Outros	333	287	-13,8	5.997	5.735	-4,4

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

3.2.25.

no ano 2015 do 3,8%. Estas elevadas taxas de crecemento deben ponderarse co feito de que este sector partía de niveis de produción baixos derivados dos axustes no sector na crise económica. Atendendo ao comportamento trimestral, aínda que o ritmo de crecemento se suaviza no último trimestre do ano, mantense en taxas próximas ao 3%.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade mantén o seu peso relativo no 6,53% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado segundo os datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional do INE (6,37% en Galicia e 5,08% de media en España).

En termos de emprego, obsérvase un descenso tanto dos postos de traballo equivalente a tempo completo como na ocupación estimada pola EPA. As contas económicas reflicten un descenso do 1,4% do traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa nas 66.919 persoas; os datos da EPA estiman no último ano un descenso do 2,4% en relación ao ano precedente (1.800 ocupados menos), acadando as 71.800 persoas. Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o peso relativo do emprego do sector sitúase lixeiramente por baixo do 7% tanto se se mide en termos do traballo equivalente a tempo completo como da ocupación estimada pola EPA.

Os datos de visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Fomento (**cadro 3.2.25.**) son un indicador adiantado da actividade do sector da construción. No ano 2016 rexistrouse un aumento do 20,4% na superficie a construír de visados de obra nova, acadando os 695 mil metros cadrados, dos que o 65% corresponden a edificios de vivendas e o 18,9% a edificios de uso industrial.

No que respecta á reconstrución e restauración, en Galicia no ano 2016 reformáronse 1.107 vivendas, un 4,7% máis que no ano anterior. Estas reformas contaron cun orzamento de 68,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 20,8% en relación ao ano anterior. En

Licitación pública 2015-16: distribución segundo administración e tipo de obra

2015

	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
			(en millóns de euros)			
Total	446,83	185,08	163,00	192,02	602,91	794,92
A Coruña	219,43	37,32	78,03	69,96	264,82	334,78
Lugo	14,17	24,69	24,79	26,71	36,95	63,66
Ourense	14,27	15,09	8,88	11,22	27,02	38,24
Pontevedra	187,14	107,98	51,30	84,09	262,33	346,42
Sen rexionalizar (prov.)	11,82	-	-	0,03	11,79	11,82

2016

	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
			(en millóns de euros)			
Total	526,26	184,82	187,08	169,13	729,04	898,17
A Coruña	323,92	71,35	105,69	68,35	432,61	500,96
Lugo	133,22	17,92	18,62	12,95	156,81	169,76
Ourense	23,83	23,72	4,43	16,43	35,56	51,99
Pontevedra	31,08	68,68	58,34	70,87	87,23	158,10
Sen rexionalizar (prov.)	14,21	3,15	-	0,53	16,83	17,36

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.2.26.

Galicia restáuranse o 4,3% do total de vivendas reformadas en España.

En canto á obra pública, que representa unha parte moi significativa da produción do sector, pechou o ano 2016 cun incremento do 13%, que contrasta coa redución no ano anterior, acadando os 898,2 millóns de euros, 103,2 millóns de euros máis que no ano anterior en termos nominais. Como mostra o **cadro 3.2.26.**, por tipos de obra, a edificación, que representa o 18,8% do total, diminuíu un 11,9% e a obra civil, que representa o 81,2% do total, medrou un 20,9% en relación ao ano anterior.

Por tipo de Administración, a licitación pública da Administración Xeral do Estado (AXE) en Galicia medrou case un 15% no ano 2016, ascendendo o seu valor total a 512,7 millóns de euros (66 millóns máis en termos nominais). De xeito contrario se comporta a licitación pública da Administración Autonómica, que rexistra un descenso do 1,8% respecto ao ano anterior (3 millóns de euros nominais menos), para situarse en 181,7 millóns. O valor da licitación pública da Administración Local aumenta ata os 187,1 millóns de euros nominais, un 14,8% máis que no ano anterior (24 millóns de euros máis).

O 58,6% do valor total da licitación pública realizada en Galicia no último ano corresponde á Administración Xeral do Estado (56,2% en 2015), seguida pola Administración Local, co 20,8% e da licitación da Administración Autonómica, co 20,6%.

A provincia con maior volume de licitación é A Coruña ao acadar no ano 2016 un total de 501 millóns de euros, o 55,8% da licitación total de Galicia, seguida de Lugo, con 169,8 millóns, o 18,9%. En relación ao ano anterior, cómpre destacar o forte incremento rexistrado en A Coruña e Lugo, con 166 e 106 millóns de euros nominais máis respectivamente, como o marcado descenso da licitación na provincia de Pontevedra, cunha caída do 54,4% en relación ao ano anterior (188 millóns de euros nominais menos).

No que atinxe ao incremento da licitación da Administración central en Galicia no ano 2016, **cadro 3.2.27.**, este aumento está motivado pola maior licitación pública do Ministerio de Fomento, que se sitúa en 476,4


Licitación pública en Galicia e España 2015-16: distribución segundo administracións

	2015		2016		16/15	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	446,8	4.296,1	512,7	3.147,4	14,73	-26,74
Mº Fomento	331,4	2.884,1	476,4	2.624,5	43,77	-9,00
Mº Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente	49,0	670,1	7,2	134,9	-85,36	-79,87
Resto Admón. Xeral	66,5	741,9	29,1	388,1	-56,21	-47,70
Administración Autonómica	185,1	2.539,6	181,7	2.882,3	-1,84	13,49
Administración Local	163,0	2.559,4	187,1	3.303,3	14,77	29,07
Concellos	112,1	1.708,4	140,5	2.339,2	25,26	36,93
Outras Administracións	50,9	851,0	46,6	964,0	-8,36	13,28

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.2.27.

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2008-15



Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.2.28.

millóns de euros, 145 millóns nominais máis que no ano precedente, e que compensa a menor licitación dos Ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (42 millóns de euros menos) e do resto da Administración Xeral (37 millóns menos).

O incremento no valor da licitación da Administración Xeral do Estado (AXE) en Galicia rexístrase en todas as provincias agás Pontevedra, de xeito que a provincia de A Coruña e Lugo e representan o 87% da licitación total da AXE en Galicia. Na provincia de Pontevedra redúcese a licitación da AXE un 83%, acadando os 31 millóns de euros no ano 2016, fronte aos 187 millóns do ano anterior.

No que respecta á licitación pública por parte da Administración Autonómica, no ano 2016 redúcese levemente en termos xerais, máis a nivel provincial observamos diferencias significativas. Así, na provincia de A Coruña e Ourense a licitación autonómica aumenta un 91% e un 57% respectivamente, o que supón 34 millóns de euros máis para A Coruña e case 9 na provincia de Ourense. Por contra, as provincias de Lugo e Pontevedra rexistran descensos do 27% e 36% respectivamente, o que en termos absolutos supón 39 millóns menos de investimento na provincia de Pontevedra e case 7 menos en Lugo.

A licitación pública das Administracións Locais en Galicia acadou no ano 2016 os 187 millóns de euros, un 14,8% máis que no ano anterior. A redución da licitación das Administracións Locais afecta A Coruña (35% máis) e Pontevedra (14% máis), fronte aos descensos en Ourense (50% menos) e Lugo (25% menos).

En canto a desagregación segundo obra, en Galicia no

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2015-16

	Hipotecas constituidas			Importe medio		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
				(en miles de euros)		
Galicia	15.523	14.975	-3,5	112,9	98,4	-12,8
A Coruña	7.333	6.513	-11,2	110,3	104,9	-4,9
Lugo	1.656	1.693	2,2	98,7	74,7	-24,3
Ourense	1.500	1.343	-10,5	94,5	82,7	-12,5
Pontevedra	5.034	5.426	7,8	126,8	102,0	-19,6
España	353.302	382.463	8,3	130,5	132,3	1,4
Galicia / España *(%)*	4,4	3,9		86,5	74,4	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.2.29.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2009-16

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivenda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A máis de 3 anos Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 anos Entid.de crédito Zona euro
	(medias anuais)			
2009	1,618	1,618	3,439	-
2010	1,350	1,350	2,770	-
2011	2,029	2,006	3,383	-
2012	1,111	1,111	3,416	-
2013	0,536	0,536	3,353	3,093
2014	0,477	0,476	3,004	2,818
2015	0,168	0,169	2,212	2,374
2016	-0,034	-0,034	1,952	2,053

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

3.2.30.

ano 2016 aumenta a licitación en obra civil en case 110 millóns de euros nominais, acadando os 712,8 millóns. De xeito contrario, a licitación para edificación se reduce, afectando esta caída a todas as provincias agás Ourense.

• Datos de vivenda

Dentro dos indicadores de demanda no ámbito da vivenda, destaca o relacionado co número de hipotecas constituídas. Os datos do INE amosan que no conxunto do ano 2016 diminúe tanto o número como o importe medio das hipotecas constituídas en Galicia. Na Comunidade Autónoma galega constituíronse 14.975 hipotecas urbanas, o que representa o 3,9% do total estatal, cinco décimas menos que no ano anterior. O **cadro 3.2.29.** reflicte que a nivel provincial a evolución da constitución de hipotecas non é uniforme, así nas provincias de A Coruña e Ourense cae en máis do 10% o número de hipotecas constituídas, fronte ao aumento do 7,8% en Pontevedra e do 2,2% en Lugo. A pesar do citado descenso, A Coruña segue sendo a provincia onde se constitúen máis hipotecas, con 6.513, seguida de Pontevedra, con 5.426.

No que respecta ao importe medio das hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, fronte ao incremento no conxunto de España, en Galicia descende o seu valor no ano 2016 ao acadar un importe medio de 98.400 euros, un 12,8% inferior ao rexistrado en 2015. A diferenza do acontecido na Comunidade Autónoma, o importe medio das hipotecas urbanas constituídas no conxunto do Estado aumenta lixeiramente (1,4%) ata os 132.300 euros.

Os datos facilitados polo INE reflicten un descenso xe-

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2009-16 (1)

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2009	21.292	9.380	2.955	2.361	6.596	413.393
2010	22.570	10.344	3.119	2.728	6.379	439.591
2011	16.437	7.295	2.299	1.944	4.899	359.824
2012	14.534	6.597	1.820	1.634	4.483	318.534
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2014	11.966	5.126	1.914	1.163	3.763	318.830
2015	12.537	5.383	1.929	1.235	3.990	355.556
2016	13.505	6.018	1.809	1.433	4.245	403.866
16/15	968	635	-120	198	255	48.310
16/09	-7.787	-3.362	-1.146	-928	-2.351	-9.527

(1) datos 2016 son provisionais
Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.2.31.

neralizado nas catro provincias galegas no importe medio das hipotecas, do 24,3% en Lugo, acadando o importe medio os 74.700 euros, do 19,6% en Pontevedra (102.000 euros de importe medio), cae un 12,5% en Ourense (82.700 euros) e, finalmente, o importe medio en A Coruña diminúe un 4,9% (104.900 euros).

No ano 2016 increméntanse as compravendas de vivendas un 7,7% en Galicia, unha medra, sensiblemente inferior ao acontecido no conxunto do Estado (13,6%). En Galicia rexistráronse un total de 13.505 transaccións segundo os datos presentados polo INE, o que supón un 3,3% do total estatal. Todas as provincias galegas, agás Lugo, presentan en 2016 máis compravendas de vivendas que en 2015, rexistrándose o incremento máis significativo, en termos absolutos, na provincia de A Coruña (635 transaccións máis, un 11,8%), en termos relativos Ourense presenta un incremento do 16% no número de compravendas de vivendas (**cadro 3.2.31.**).

O valor medio do Índice de Prezos da Vivenda no ano 2016 aumenta tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Mentres que en España o índice de prezos da vivenda aumenta un 4,7% en relación ao ano anterior para situarse en 69,9 puntos (2007=100), en Galicia o seu incremento é do 2%, situándose o seu valor medio en 75,1 puntos. Este menor crecemento apréciase tanto no caso da vivenda nova como na de segunda man, medrando en Galicia un 5,3% no caso da vivenda nova (85 puntos) e un 1% no da vivenda de segunda man (65,9 puntos en 2016), mentres que no conxunto do Estado, o índice aumenta un 6,5% no caso da vivenda nova e un 4,4% no da vivenda de segunda man, acadando os 81,5 e 62,5 puntos, respectivamente.


Servizos

O VEB do sector servizos aumentou un 3,3% de media no ano 2016, 1,2 puntos porcentuais por riba do avance de 2015. O perfil trimestral confirma a consolidación da evolución xa que pasa de taxas de crecemento interanuais do 2,6% no primeiro trimestre a un 3,4% no cuarto trimestre no ano.

En termos monetarios, segundo datos da Contabilidade rexional de España do INE, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 35.531 millóns de euros, o 61,3% do PIB galego, preto de seis puntos porcentuais inferior á media estatal (67,2%). Os datos da Contabilidade Rexional de España indican que Galicia xera o 4,7% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, o que a sitúa novamente como a sexta Comunidade con maior peso relativo, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.

Os indicadores de actividade do sector servizos (**cadro 3.2.33.**) mostran que en 2016 a cifra de negocios dos servizos de mercado aumentou de media un 8,8%, confirmando a recuperación das vendas e a facturación do sector iniciada no ano 2014, incremento asentado na recuperación da demanda interna.

VEB e emprego nos servizos 2009-2016 (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-03-2017)
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

3.2.32.

As vendas da rama de comercio aumentaron un 10,2%, o dobre do crecemento rexistrado en 2015, como resultado do bo comportamento das vendas no comercio por xunto e intermediarios do comercio, con avances de máis do 14%. O comercio ao retallo tamén medrou pero a taxas inferiores ao ano anterior.

No que respecta ao resto de servizos, salienta o dinamismo das actividades administrativas e servizos auxiliares que medrou un 13% en 2016 e un 12,6% en 2015, fronte a incrementos inferiores ao 3% en 2014.

A cifra de negocios da rama de hostalería mantivo a elevada taxa de crecemento do ano anterior, acadando un 8,7% de aumento.

Por último, a cifra de negocios da rama de transporte e almacenamento modera levemente o seu crecemento e avanza un 2% en relación a 2015.

A mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. As contas económicas indican que o traballo equivalente a tempo completo no sector servizos medra en Galicia un 2,2% no último ano, rexistrándose esta mesma tendencia positiva en todas as actividades agás nas actividades inmobiliarias (–5,7%) e nas financeiras e de seguros (–0,9%). As "actividades profesionais" e as de "comercio, transporte e hostalería" son as que presentan as taxas de crecemento máis acusadas, cun 4,6% e 2,3%, respectivamente.

No concernente ao emprego, a EPA sinala que o aumento de 15.100 ocupados no sector ven explicado fundamentalmente polo incremento da poboación ocupada nos subsectores de transporte e almacenamento, con 4.600 traballadores máis, de actividades sanitarias e de servizos sociais, con 3.800 ocupados máis, e nas actividades de información e comunicacións e profesionais, científicas e técnicas, con incrementos superiores aos 2.000 ocupados. Por contra, rexistráronse perdas de ocupación, en todo caso inferiores a mil ocupados, nas actividades administrativas e servizos auxiliares, na educación, nas actividades inmobiliarias e no comercio por xunto e ao retallo. Tras unha medra do 2,1%, a EPA estima que no ano 2016 están ocupados no sector servicios un total de 735.500 persoas, o que representa o 70,7% do emprego en Galicia, sendo especialmente importante a ocupación feminina xa que o 84% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector servizos. Por ramas de actividade salienta o subsector do comercio, con 145.000 persoas, o 19,7% do emprego no sector, e o das actividades sanitarias e servizos sociais, con case 90.000 persoas (12,2%).

- **Comercio**

A evolución da actividade comercial en Galicia avanza como resposta ao crecemento da demanda de consumo que se ven consolidando nos dous últimos anos. No ano 2016 a demanda interna mantense como o motor de crecemento da economía galega dende o lado da de-

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2011-16

	2011	2012	2013	2014	2015	2016
			(%)			
Xeral	-0,1	-2,9	-2,6	2,6	4,9	8,8
Comercio	1,3	-3,1	-2,4	2,6	5,0	10,2
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-8,2	-16,0	-0,3	7,9	8,6	5,7
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	5,0	-2,5	-2,2	3,4	5,8	14,6
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-2,4	-1,6	-3,4	-0,2	2,5	2,2
Outros servizos	-5,0	-3,4	-3,0	2,6	5,1	4,6
Transporte e almacenamento	0,6	-0,2	-1,2	4,9	2,4	2,0
Hostalería	-9,0	-5,6	-3,8	0,3	8,5	8,7
Información e comunicacións	-4,9	-6,2	-8,8	-2,0	2,8	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	-16,0	0,4	-4,8	4,6	5,0	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	-0,9	-5,4	4,5	2,9	12,6	13,0

(1) Tasas de variación da media do que vai de ano


Fonte: IGE, Indicadores de activiade do sector servizos

3.2.33.

Comercio interior minorista 2008-16: índices de vendas e ocupación (1)


índice xeral de vendas *(prezos constantes)*

(en %)



índice de ocupación

(en %)



(1)Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 *Comercio ao retallo, excepto de vehículos de motor e motocicletas*

Fonte: INE, *Índice de comercio al por menor*

3.2.34.

Comercio minorista en Galicia e España 2015-16: principais indicadores

	Empresas (1)			Locais (1)		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
Galicia	30.434	29.795	-639	37.917	37.233	-684
España	469.938	462.450	-7.488	583.796	576.211	-7.585

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 31 de decembro de cada ano)
Fonte: INE

3.2.35.

manda, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 2,5 puntos. No concernente ao gasto en consumo final dos fogares galegos, este aumenta no último ano un 2,6% fronte ao 2,3% no ano 2015.

As vendas do comercio ao retallo, sen incluír as vendas de vehículos de motor e motocicletas, aumentan nos anos 2015 e 2016, tras un longo período de descenso dende o ano 2008. No último ano as vendas ao retallo presentan unha taxa de variación interanual do 3,7%, avance similar ao experimentado polas vendas no conxunto do Estado. Tal como se aprecia no **cadro 3.2.34.**, esta evolución positiva do índice xeral de vendas polo miúdo non se traslada totalmente ao mercado de traballo xa que o índice de ocupación medra un 1,3% en relación á media do ano anterior, sendo esta porcentaxe catro décimas inferior á media española.

O número de establecementos de comercio ao retallo a 1 de xaneiro de 2016 descendía en Galicia ata os 37.233, o que supón unha redución de 684 establecementos en relación á mesma data do ano anterior. Dende o ano 2010, primeiro dispoñible na serie estatística, o número de locais de comercio ao retallo descendeu continuamente en Galicia, existindo no ano 2016 case 3.500 locais de comercio ao retallo menos que en 2010. O maior descenso prodúcese na categoría de comercio ao retallo en establecementos non especializados (2.207 locais menos que en 2010), seguido polos establecementos de comercio ao retallo de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados (766 locais menos).

O número de empresas de comercio ao retallo existentes en 2016 cae ata as 29.795 empresas, 639 menos que ano anterior, e 3.317 empresas menos que no ano 2010, sendo, como no caso dos locais, as empresas de comercio ao retallo en establecementos non especializados os que se reducen en maior número, con 2.220 menos que no ano 2010. O seu peso relativo no total estatal cae unha décima, ata o 6,4%.

En termos de emprego, tal como recolle o *cadro 2.1.5. [Afiliacións á Seguridade Social 2015-16: distribución segundo principais ramas de actividade]*, no ano 2016 a actividade de comercio ao retallo, salvo vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45), segue a ser con diferencia a que acolle un maior número de afiliacións á S.S., con 107.029 persoas afiliadas, o 11,2% do total, e un 1,3% superior ás rexistradas no ano anterior. O 32% do total de afiliados na actividade de comercio ao retallo pertencen ao réxime especial de autónomos.

• Turismo

O número de turistas que chegaron a Galicia no ano 2016 ascendeu a 4,3 millóns de persoas (**cadro 3.2.36.**), un 5,8% máis que no ano anterior, o que representa o 4,3% do turismo nacional total. Máis de dous terzos do incremento no número de viaxeiros provén dun maior número de chegadas de viaxeiros residentes en España.

No ano 2016 chegaron a Galicia 239 mil turistas máis, dos que 177 mil son residentes en España e 62 mil, residentes no estranxeiro.

En relación ao ano anterior, o incremento do 5,8% ven influenciado por unha maior demanda de viaxeiros residentes no estado español que estranxeiros (6% e 5,3%, respectivamente). Esta medra no número de viaxeiros en Galicia é case un punto inferior á rexistrada no conxunto do Estado (6,7%), por mor da mellor evolución experimentada no caso dos viaxeiros estranxeiros, que aumentan en España un 9,5% fronte a só un

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2015-16 (1)

2015

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.086.189	2.928.462	1.157.729	7.684.702	5.868.298	1.816.404	1,88
A Coruña	1.944.869	1.219.363	725.507	3.412.550	2.280.720	1.131.830	1,75
Lugo	710.692	507.097	203.595	1.027.072	793.860	233.212	1,45
Ourense	289.278	261.202	28.076	544.797	486.508	58.289	1,88
Pontevedra	1.141.350	940.800	200.551	2.700.283	2.307.210	393.073	2,37
España	93.216.968	47.523.598	45.693.370	308.235.728	110.254.905	197.980.823	3,31

2016

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.324.822	3.105.377	1.219.445	8.241.739	6.310.726	1.931.013	1,91
A Coruña	2.057.306	1.335.514	721.792	3.543.433	2.425.738	1.117.695	1,72
Lugo	676.800	477.582	199.218	1.056.796	827.375	229.421	1,56
Ourense	313.755	280.670	33.085	613.407	543.223	70.184	1,96
Pontevedra	1.276.961	1.011.611	265.350	3.028.103	2.514.390	513.713	2,37
España	99.502.990	49.462.182	50.040.808	330.034.015	113.701.332	216.332.683	3,32

(1) datos 2016 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.2.36.


5,3% en Galicia. Por contra o número de viaxeiros nacionais que chegan a Galicia aumenta en maior medida que na media estatal (6% e 4% respectivamente), o que contribúe a aumentar o peso deste turismo nacional que en Galicia acada o 71,8% do total, fronte ao 49,7% de media no Estado.

A provincia de A Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 2,1 millóns, superando a Pontevedra, con 1,3 millóns de viaxeiros. Asemade, o devandito comportamento positivo do sector reflíctese tamén no feito de que todas as provincias galegas, agás Lugo, presentan unha medra tanto no número de viaxeiros como de pernoitas nos seus establecementos. Na provincia de Lugo cae o número de viaxeiros en relación ao ano anterior, aínda que se incrementan as pernoitas. En relación ao ano anterior, Pontevedra rexistra o maior incremento en termos absolutos e relativos, con 136 mil viaxeiros máis (11,9% máis que no ano anterior), sendo esta meda do 5,8% (112 mil persoas) en A Coruña e do 8,5% (24 mil persoas) en Ourense. Como se desprende do **cadro 3.2.36.**, a provincia de Lugo reduce en case 34 mil os viaxeiros que recibe, o que supón un 4,8% menos que en 2015.

Asociado ao incremento de viaxeiros, no ano 2016 prodúcese, tanto en Galicia como en España, un aumento paralelo nas pernoitas en establecementos hoteleiros. Ao longo do último ano, estas últimas experimentaron en Galicia unha mellora do 7,2% respecto aos datos do ano precedente, acadando as 8,2 millóns de pernoitas. As taxas de incremento do número de viaxeiros e de pernoitas en Galicia son similares ás rexistradas de media no Estado.

A evolución do número de viaxeiros e de pernoitas explica a lixeira melloría da estadía media nos establecementos hoteleiros galegos, que se sitúa en 1,91 días (3,32 días no conxunto do Estado). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros é de 1,58 días, cifra sensiblemente inferior á rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España (2,03 días). Como se deduce no devandito **cadro 3.2.36.,** a estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,32 días e a dos viaxeiros españois, de 2,30 días. As catro provincias galegas presentan unha estadía media moi inferior á do conxunto do Estado, se ben no caso dos residentes en España a estadía media na provincia de Pontevedra é superior á estatal (2,49 fronte a 2,30 en España).

Viaxeiros e pernoctacións 2009-16: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2016 son provisionais

Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.2.37.


Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2015-16 (1)


Galicia

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2015	32,0	60,8	16,4	1,88
2016	34,2	64,0	18,0	1,91

España

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2015	55,0	76,3	40,5	3,31
2016	58,0	78,0	43,4	3,32





(1) datos 2016 son provisionais

Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.2.38.

Turismo rural en Galicia e España 2015-16 (1): principais indicadores

	2015		2016		16/15	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	193.328	3.264.187	210.082	3.593.857	16.754	329.670
residentes en España	147.477	2.713.329	152.905	2.935.818	5.428	222.489
residentes no estranxeiro	45.850	550.858	57.177	658.038	11.327	107.180
Pernoitas	362.233	8.825.067	423.953	9.838.356	61.720	1.013.289
residentes en España	289.095	6.674.538	315.695	7.274.029	26.600	599.491
residentes no estranxeiro	73.138	2.150.529	108.258	2.564.327	35.120	413.798
Grao de ocupación por praza			(%)			
media	15,6	16,6	18,2	18,0		
fin de semana	24,4	29,5	28,2	31,7		
Estadía media *(en días)*	1,87	2,70	2,02	2,74		

(1) datos 2015 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupacion en alojamientos de turismo rural*

3.2.39.

Unha das debilidades que caracterizan o sector é a súa alta estacionalidade. Así, tal como se reflicte no **cadro 3.2.38.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia é do 64% e o mínimo, do 18%. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 78% e o 43,4% respectivamente. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza sitúase no 34,2%, 2,2 puntos porcentuais superior ao do ano anterior, aínda que lonxe da media estatal, que foi do 58%.

Para analizar a evolución dos prezos recibidos polos empresarios utilizamos o índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. O IPH en Galicia presenta no ano 2016 unha taxa de variación interanual positiva do 3,1% (3% no ano precedente). Todas as CC.AA. presentan unha medra deste índice de prezos, sendo o incremento medio no conxunto do Estado do 5,4%, sete décimas máis que no ano anterior.

O incremento de ocupación e de prezos favorecen unha mellora da rendibilidade das actividades hoteleiras, que se observa na análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

A tarifa media diaria mide os ingresos medios diarios obtidos por habitación ocupada. Esta tarifa incrementouse en Galicia no ano 2016 un 1,2%, fronte ao avance do 4,1% no ano anterior. No 2016 de media no Estado os ingresos medios medraron un 4,5% interanual.

Os ingresos medios por habitación dispoñible aumentaron en 22,3 euros nominais en Galicia en 2016, un 8% máis que no anterior. O incremento medio no Estado foi de 53,9 euros, un 10,6%.

O abano de posibilidades de turismo extrahoteleiro ampliase cara a novas opcións de difícil cuantificación estatística; máis dentro deste tipo de turismo destaca o turismo rural. A evolución do turismo rural nos últimos anos pode definirse como moi positiva atendendo ao número de viaxeiros e pernoitas. Segundo se reflicte no **cadro 3.2.39.**, no ano 2016 o número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural presenta unha medra do 8,7% en relación ao ano anterior, acadando as 210 mil persoas, en tanto que o número de pernoitas ascende a 424 mil, un 17% superior ás pernoitas de 2015. A importancia relativa da actividade en Galicia en comparación coa media española se sitúa no 5,8% no caso dos viaxeiros (8,7% no caso dos residentes no estranxeiro), situándose no 4,3% no das pernoitas (4,2% nos estranxeiros).

Ao igual que se observa nos establecementos hoteleiros, a meirande parte dos viaxeiros que acoden a establecementos de turismo rural en Galicia son de

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2015-16

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	97.593,0	98.427,0	0,9	60.314,0	60.885,0	0,9
Ferrocarril (2)	2.473,2	2.058,2	-16,8	686,8	686,0	-0,1
Marítimo (3)	33.502,2	33.920,8	1,2	368,2	316,8	-14,0
Marítimo (4)	1.603,0	1.698,8	6,0	1.225,7	1.351,2	10,2
Aéreo	2,99	2,96	-1,1	4.035,5	4.528,0	12,2

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús
(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia
(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros
(4) tráfico nos portos de Portos Galicia
Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.2.40.

nacionalidade española (72,8%), se ben no último ano rexístrase un forte incremento dos viaxeiros estranxeiros, cunha medra próxima aos 12 mil viaxeiros. O 48,8% dos viaxeiros residentes proceden de dentro da Comunidade, seguidos polos procedentes de Madrid (16,7% do total) e Cataluña (6,7% do total).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural continuou mellorando en 2016 ata situarse en Galicia no 18,2%, fronte ao 15,6% do ano anterior, sendo tamén levemente superior á rexistrada de media en España (18%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza ascende ata o 28,4% na Comunidade Autónoma e ata o 30,2% no conxunto do Estado. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 2,18 días, próxima aos 2,84 da media estatal.

• Transporte

A utilización dos diferentes servizos de transporte está condicionada pola evolución da actividade económica en xeral e a dos distintos sectores en particular, e, fundamentalmente, polas infraestruturas existentes para a provisión do servizo. Por isto a estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

No concernente ao movemento de mercadorías transportadas por estrada, Galicia rexistra en 2016 un incremento do 0,9% do volume total respecto ao ano anterior, acadando as 98,4 millóns de toneladas, o que representa o 6,2% do total estatal. Como amosa o **cadro 3.2.41.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego é do 23,3%,, o máis reducido entre as Comunidades Autónomas peninsulares, a diferencia do que acontece no caso do comercio intrarrexional o segundo máis elevado, por detrás de Andalucía, co 72,3% do total. Finalmente o 4,4% do total do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe internacional, tres décimas porcentuais máis que na media do Estado.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo (**cadro 3.2.42.**), que move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia. Tras unha medra do 1,2% en relación ao ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 33.921 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal), situándose novamente en 2016 a autoridade portuaria de A Coruña como a de maior movemento, ao acoller máis do 40% do tráfico total de mercadorías (13.975 miles de toneladas), seguido por Ferrol-San Cibrao, cun 36,8% (12.469 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás os de Ferrol-San Cibrao e Vigo, rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o de A Coruña, cunha medra de seiscentas mil toneladas influenciado en gran medida polo comportamento dos graneis líquidos, que compensa a redución no transporte nos graneis sólidos. En termos relativos, a medra máis importante corresponde a

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2015-16 (1)

	2015				2016				16/15
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional	Total	intrarrexional	interrexional	internacional	
	(en miles de tm.)	*(%)*			*(en miles de tm.)*	*(%)*			
Andalucía	191.655	73,5	22,9	3,7	203.768	72,5	24,3	3,2	6,3
Aragón	88.091	45,2	50,7	4,1	91.567	41,1	53,7	5,2	3,9
Asturias	44.647	61,1	37,5	1,4	38.842	57,0	41,4	1,5	-13,0
Baleares	18.540	85,6	14,2	0,2	22.585	89,4	10,4	0,2	21,8
Canarias	34.271	99,9	0,1	-	40.300	100,0	0,0	-	17,6
Cantabria	33.617	47,1	50,3	2,6	29.274	38,4	57,8	3,7	-12,9
Castela-A Mancha	107.712	41,9	55,8	2,4	103.851	36,6	60,8	2,5	-3,6
Castela e León	137.744	54,4	43,4	2,2	132.479	51,9	45,5	2,7	-3,8
Cataluña	237.626	66,1	26,7	7,2	242.222	67,0	26,3	6,8	1,9
C. Valenciana	189.478	59,0	37,0	4,0	205.834	58,6	37,9	3,5	8,6
Estremadura	33.444	54,1	41,8	4,0	31.488	54,3	42,1	3,6	-5,8
Galicia	97.593	72,8	23,6	3,5	98.427	72,3	23,3	4,4	0,9
Madrid	108.860	40,0	57,3	2,8	115.132	40,8	56,4	2,8	5,8
Murcia	63.889	47,5	46,4	6,1	70.433	47,9	47,5	4,6	10,2
Navarra	46.727	38,9	55,4	5,8	46.983	42,5	51,7	5,7	0,5
País Vasco	91.024	45,2	48,8	6,1	91.691	46,3	46,6	7,1	0,7
A Rioxa	19.016	30,3	68,2	1,5	15.718	32,3	64,8	2,9	-17,3
Ceuta e Melilla	1.136	88,7	9,3	1,9	1.188	90,1	8,1	-	4,6
Total	1.545.071	57,7	38,2	4,1	1.581.783	57,3	38,6	4,1	2,4

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camións con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España

Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte de mercancías por carretera*

3.2.41.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2015-16

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016
			(en tm.)			
Total	9.801.204	10.698.647	16.326.461	15.366.134	6.919.669	7.205.722
A Coruña	7.461.303	8.178.343	4.807.720	4.391.087	903.983	1.012.318
Ferrol-San Cibrao	2.194.477	2.276.264	9.839.875	9.400.301	725.213	778.577
Marín-Ría de Pontevedra	-	8	996.559	1.025.108	1.113.805	1.267.175
Vigo	54.594	59.883	278.868	229.082	3.646.148	3.546.675
Vilagarcía	90.830	184.149	403.439	320.556	530.520	600.977
Total Portos do Estado	167.136.733	167.298.603	95.803.142	91.896.229	223.425.190	235.293.395
Galicia / España *(%)*	5,9	6,4	17,0	16,7	3,1	3,1

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016
			(en tm.)			
Total	120.359	126.502	334.463	523.815	33.502.156	33.920.820
A Coruña	40.459	43.427	151.628	350.073	13.365.093	13.975.248
Ferrol-San Cibrao	284	238	17.962	13.349	12.777.811	12.468.729
Marín-Ría de Pontevedra	1.799	2.047	13.280	11.953	2.125.443	2.306.291
Vigo	77.817	80.790	146.978	142.352	4.204.405	4.058.782
Vilagarcía	-	-	4.615	6.088	1.029.404	1.111.770
Total Portos do Estado	204.703	220.655	11.871.059	12.984.896	498.440.827	507.693.778
Galicia / España *(%)*	58,8	57,3	2,8	4,0	6,7	6,7

Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte marítimo*

3.2.42.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2015/16

	2015		2016		16/15
	(en tm.)	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	1.603.503,9		1.698.835,1		5,95
Cariño	495.809,0	30,9	525.520,9	30,9	5,99
Ribadeo	475.291,7	29,6	487.370,8	28,7	2,54
Brens-Cee	345.027,0	21,5	345.222,0	20,3	0,06
Pobra do Caramiñal	128.983,0	8,0	139.609,0	8,2	8,24
Viveiro-Celeiro	115.132,2	7,2	161.710,4	9,5	40,46
Ribeira	33.489,0	2,1	38.591,0	2,3	15,23
Laxe	7.374,0	0,5	-	-	-
Burela	1.440,0	0,1	-	-	-
Outros (1)	958,0	0,1	811,0	0,0	-15,34

(1) Outros portos con tráfico comercial esporádico: Pontecesures, Portonovo e Canido.
Fonte: Portos de Galicia

3.2.43.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2015-16 (1)

	2015			2016			16/15		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia	
			(en tm.)			*(en tm.)*		*(%)*	
Galicia	3.313.894	686.824	2.473.155	3.566.623	685.977	2.058.179	7,6	-0,1	-16,8
A Coruña	1.913.886	283.232	1.817.744	2.048.845	256.320	1.274.992	7,1	-9,5	-29,9
Lugo	35.853	64.124	42.596	46.295	56.548	117.791	29,1	-11,8	176,5
Ourense	226.124	191.301	86.510	259.242	239.318	102.701	14,6	25,1	18,7
Pontevedra	1.138.031	148.167	526.305	1.212.241	133.791	562.695	6,5	-9,7	6,9
España	30.360.439	30.780.299	18.274.161	30.350.157	31.792.128	16.674.144	0,0	3,3	-8,8

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
Fonte: Renfe Operadora

3.2.44.

Marín-Ría de Pontevedra e Vilagarcía, con aumentos en torno ao 8%.

En termos de volume, o movemento máis importante corresponde aos graneis sólidos, con 15.366 miles de toneladas, un 5,9% superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 61,2% (9,4 millóns de toneladas) e o de A Coruña, un 28,6% (4,4 millóns de toneladas). Como reflicte o citado **cadro 3.2.42.**, o transporte de graneis líquidos é o segundo en importancia en canto a volume, que, tras un incremento do 9,2%,acada os 10.699 miles de toneladas, das que máis das tres cuartas partes (case 8,2 millóns de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 57,3% do total realizado nos portos de interese no conxunto do Estado, acadando as 126 mil toneladas no ano 2016, un 1,1% máis que no exercicio precedente. Entre os portos galegos cómpre mencionar a importancia do porto de Vigo ao mover en torno ao 64% das descargas de pesca fresca.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no ano 2016, despois do marcado descenso do ano anterior, o volume de mercadorías movidas neses portos aumenta un 5,9%. O porto de Cariño, tras un incremento do 6% respecto ao ano precedente, sitúase como o porto máis importante en termos de volume, con 525,5 miles de toneladas, seguido do porto de Ribadeo, con 487,4 miles de toneladas, e Brens-Cee, con 345 mil toneladas. Estes tres portos concentran o 80% do volume total de mercadoría (**cadro 3.2.43.**).

De acordo coas cifras ofrecidas polo Ministerio de Fo-

Tráfico comercial aéreo 2015-16 (1)

Operacións

	2015	2016	16/15
Aeroportos galegos	44.804	48.469	8,2
A Coruña	14.683	15.635	6,5
Santiago	20.541	21.277	3,6
Vigo	9.580	11.557	20,6
Total España	1.902.967	2.045.034	7,5
Galicia / España *(%)*	2,4	2,4	

Pasaxeiros

	2015	2016	16/15
Aeroportos galegos	4.035.664	4.528.037	12,2
A Coruña	1.025.688	1.063.291	3,7
Santiago	2.296.409	2.510.740	9,3
Vigo	713.567	954.006	33,7
Total España	207.421.046	207.414.141	0,0
Galicia / España *(%)*	1,9	2,2	

Mercadorías

	2015	2016	16/15
	(en Kg.)		*(%)*
Aeroportos galegos	2.988.584	2.957.002	-1,1
A Coruña	140.669	184.307	31,0
Santiago	2.311.393	2.296.632	-0,6
Vigo	536.522	476.063	-11,3
Total España	715.552.111	795.575.212	11,2
Galicia / España *(%)*	0,4	0,4	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.2.45.

mento, a cota modal do ferrocarril en Galicia acada menos do 2% do total de mercadorías transportadas (toneladas), mentres que en España é do 4%, acadando cotas en torno ao 20% en Alemaña ou Francia. O trafico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de dous millóns de toneladas, o que representa o 12,3% do total do Estado. A nivel provincial, A Coruña, con 1,3 millóns de toneladas, representa o 62% do tráfico ferroviario de mercadorías total galego e o 7,6% do total estatal (**cadro 3.2.44.**). O transporte de pasaxeiros en ferrocarril medra un 6,3% en relación ao ano anterior. Así, o número de persoas subidas nas estacións galegas supera en 2016 os 4,2 millóns. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 7,6%, acadando os 3,6 millóns de persoas, mentres que os de longa distancia diminúen lixeiramente, situándose en 686.000 viaxeiros, un 1% menos que no ano anterior.

A provincia de A Coruña acolle o 57,4% dos viaxeiros de media distancia convencional (2.048.845 persoas), seguida pola provincia de Pontevedra, co 34% do total (1.212.241 viaxeiros). No que respecta á longa distancia, as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións son a provincia de A Coruña, con 256.320 persoas (37,4%), e a de Ourense, con 239.318 viaxeiros (34,9%).

A carencia que presenta a infraestrutura ferroviaria no que respecta ao tráfico de mercadorías limita o aproveitamento das súas vantaxes, tanto en termos económicos, mediambientais ou no que respecta á diminución da conxestión no trafico por estrada.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado en 2016 no sistema aeroportuario galego aumenta nun 12,2% respecto ao ano an-

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2015-16

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)
Total	1.281.725	1.421.617	10,9	368.179	316.647	-14,0
A Coruña	-	12.142		140.451	126.735	-9,8
Ferrol-San Cibrao	8.791	9.852	12,1	21.559	20.061	-6,9
Marín	73.847	92.510	25,3	-	-	-
Vigo	1.197.390	1.305.371	9,0	204.979	169.093	-17,5
Vilagarcía	1.697	1.742	2,7	1.190	758	-36,3
Total Portos do Estado	22.425.018	23.765.811	6,0	8.436.262	8.436.262	0,0
Galicia / España *(%)*	5,7	6,0		4,4	3,8	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.2.46.

terior, acadando un total de 2,96 mil toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.2.45.**, o aeroporto de Santiago move un total de 2.297 toneladas, máis do 77,7% do total.

Finalmente, a evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, reflicte o dinamismo do sector turístico no ano 2016, de xeito que, no conxunto do sistema aeroportuario galego experimentándose incrementos superiores ao do total dos aeroportos españois no caso do número total de pasaxeiros e do número de operacións (**cadro 3.2.45.**).

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos aumenta un 8,2% respecto ao ano precedente, rexistrándose esta medra nos tres aeroportos galegos, salientando o incremento de case 2.000 operacións no aeroporto de Vigo. O incremento no número de operacións tradúcese nunha medra do número de pasaxeiros no sistema aeroportuario galego do 12,2%, superando deste xeito os catro millóns e medio de persoas en 2016 (2,2% do total estatal). O devandito incremento rexístrase nos tres aeroportos galegos mais con distinta intensidade, sendo Vigo o de maior crecemento, cun 33,7% e 240 mil pasaxeiros máis, seguido de Lavacolla, con 214 mil pasaxeiros máis. O aeroporto de Santiago segue sendo o que acolle o maior número de viaxeiros, con máis de 2,5 millóns de persoas (o 55,4% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Alvedro, que supera o millón de pasaxeiros (23,5%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 954.000 viaxeiros (21,1% do total galego).

No que respecta ao transporte marítimo, no ano 2016 o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral diminuíu no caso dos cruceiros nun 14% para situarse nas 316.647 persoas, o 3,8% do total estatal. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte incremento rexistrado na ría de Vigo de case 108 mil viaxeiros, xunto co aumento en todas as liñas, explica a medra do 10,9% en Galicia (**cadro 3.2.46.**).

• Sector financeiro

No ano 2016 as entidades financeiras españolas avanzan nunha senda de restructuración no acceso á liquidez e de mellora da calidade dos seus activos, o que unido á recuperación económica e aos baixos custos financeiros, constitúe un bo marco para reactivar as actividades en condicións de solvencia. Sen embargo, estas melloras non se están trasladando de maneira directa á reactivación de novas operacións de crédito, fundamentais para a recuperación da actividade produtiva.

Así mesmo, en Galicia continúa o descenso no número de oficinas das entidades de crédito.No ano 2016 rexístranse 1.600 oficinas de entidades de crédito en Galicia, un 37% menos das existentes no ano 2008 e un 7% menos das rexistradas en 2015.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 2,7%, fronte ao incremento de tan un 0,4% no conxunto do Estado. O incremento no volume de depósitos, tanto en Galicia como de media no Estado, afecta aos depósitos á vista e aos depósitos

Entidades de crédito en Galicia e España 2009-16 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Oficinas			Depósitos (2)				Créditos		
Galicia										
	Entidades de depósito	Establecementos financeiros de crédito	Banco de España	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
							(en millóns de euros)			
2009	2.395	19	1	50.819,6	8.618,9	13.848,7	28.352,0	71.282,7	1.791,1	69.491,6
2010	2.357	15	1	53.035,0	8.821,8	14.199,7	30.013,5	70.509,1	2.612,0	67.897,2
2011	2.136	15	1	51.377,6	7.655,0	14.275,8	29.446,9	64.075,9	2.584,4	61.491,6
2012	2.005	14	1	50.851,4	7.347,6	14.352,0	29.151,7	55.021,1	3.060,9	51.960,2
2013	1.834	9	1	52.763,7	7.973,6	15.417,4	29.372,7	50.104,3	2.710,0	47.394,3
2014	1.727	9	1	55.342,4	9.566,5	16.939,2	28.836,8	44.911,7	3.008,5	41.903,2
2015	1.703	8	1	55.550,7	11.320,1	18.858,6	25.372,0	43.020,2	2.805,4	40.214,8
2016	1.591	8	1	57.069,2	14.085,3	21.135,0	21.848,9	42.562,8	2.443,3	40.119,5
España										
	Entidades de depósito	Establecementos financeiros de crédito	Banco de España	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
							(en millóns de euros)			
2009	44.085	345	23	1.142.012,5	265.612,8	207.850,1	668.549,6	1.837.760,8	61.227,7	1.776.533,1
2010	42.894	270	23	1.148.252,8	263.438,8	211.346,0	673.468,0	1.856.783,3	74.492,0	1.782.291,3
2011	39.843	260	16	1.109.655,9	267.600,5	203.004,2	639.051,2	1.798.025,7	82.989,2	1.715.036,6
2012	37.903	239	16	1.100.443,7	264.840,6	199.112,4	636.490,7	1.634.654,9	96.890,4	1.537.764,5
2013	33.527	186	16	1.134.914,5	290.344,4	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2014	31.817	182	16	1.139.756,4	337.486,4	221.985,3	580.284,6	1.422.890,3	94.697,0	1.328.193,3
2015	30.921	166	16	1.135.872,1	395.588,1	254.287,7	485.996,3	1.360.361,1	85.708,6	1.274.652,5
2016	28.643	164	16	1.140.814,4	465.311,4	288.228,2	387.274,8	1.306.395,9	83.866,3	1.222.529,5

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratatados por un prazo de tempo determinado.Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fonte: IGE

3.2.47.

Oficinas das entidades de crédito (1)


	2008	2013	2014	2015	2016
A Coruña	994	746	704	699	648
A Coruña	306	210	196	193	
Ferrol	60	42	41	40	
Santiago de Compostela	113	85	80	82	
resto de concellos	515	409	387	384	
Lugo	336	273	261	257	248
Lugo	89	65	62	60	
resto de concellos	247	208	199	197	
Ourense	375	242	224	219	204
Ourense	123	84	78	76	
resto de concellos	252	158	146	143	
Pontevedra	829	582	547	547	500
Pontevedra	89	60	56	55	
Vigo	317	219	205	206	
resto de concellos	423	303	286	286	
Total	2.534	1.843	1.736	1.722	1.600

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE

3.2.48.

Créditos en Galicia e España 2008-16



Fonte: IGE

3.2.49.

Créditos a outros sectores residentes en España 2008-16: distribución segundo finalidades

Crédito total

	Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH (1)	Sen clasificar
			Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto		
	(en millóns de euros)							
2008	1.869.882	1.018.048	819.412	655.145	54.176	110.092	6.091	26.331
2009	1.837.038	999.570	813.939	654.566	49.273	110.101	5.523	18.006
2010	1.843.952	1.012.916	812.781	662.798	42.068	107.916	6.096	12.159
2011	1.782.555	970.773	793.430	656.452	37.686	99.292	7.000	11.352
2012	1.604.960	829.788	755.689	633.138	32.904	89.647	6.976	12.507
2013	1.448.244	719.180	714.984	604.395	25.910	84.679	6.299	7.781
2014	1.380.218	674.082	689.963	579.793	29.022	81.148	5.962	10.211
2015	1.327.081	644.282	663.307	552.069	32.482	78.756	5.817	13.675
2016	1.276.171	604.822	652.488	535.365	36.281	80.842	5.153	13.708

Crédito dubidoso

	Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH	Sen clasificar
			Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto		
	(en millóns de euros)							
2008	63.083	37.293	24.346	15.580	2.873	5.893	49	1.395
2009	93.329	61.913	29.931	18.879	3.755	7.297	54	1.431
2010	107.199	79.719	25.982	16.038	2.844	7.100	109	1.389
2011	139.761	109.899	28.650	19.101	2.183	7.366	191	1.021
2012	167.470	128.415	37.029	25.321	2.019	9.689	393	1.633
2013	197.198	146.051	49.424	36.182	1.771	11.471	377	1.346
2014	172.603	124.607	46.784	34.236	1.645	10.903	284	928
2015	134.333	94.173	36.986	26.786	1.357	8.843	304	2.870
2016	116.281	79.230	35.723	25.349	1.190	9.184	292	1.036

(1) ISFLSH: Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares

Fonte: Banco de España

3.2.50.

Créditos a outros sectores residentes para o financiamento de actividades produtivas en España 2008-16: distribución segundo sector

Crédito total

	Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
			(en millóns de euros)		
2008	1.018.049	26.244	156.141	151.848	683.816
2009	999.569	23.123	152.199	130.438	693.809
2010	1.012.916	23.128	152.376	114.519	722.893
2011	970.772	21.782	143.246	98.546	707.198
2012	829.789	20.217	131.109	76.217	602.246
2013	719.180	18.448	115.465	60.154	525.113
2014	674.082	17.693	112.268	49.770	494.351
2015	644.281	18.106	110.463	43.936	471.776
2016	604.822	18.972	107.763	39.898	438.189

Crédito dubidoso

	Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
			(en millóns de euros)		
2008	37.293	582	3.225	7.461	26.025
2009	61.913	785	6.222	11.069	43.837
2010	79.718	1.000	6.697	13.888	58.133
2011	109.899	1.420	7.930	17.981	82.568
2012	128.414	1.853	11.944	19.693	94.924
2013	146.052	2.511	15.151	20.617	107.773
2014	124.607	2.171	14.354	16.235	91.847
2015	94.172	1.837	12.008	13.196	67.131
2016	79.231	1.720	9.606	11.608	56.297

Fonte: Banco de España

3.2.51.

Taxas de morosidade(1) en España segundo a súa finalidade 2008-16

	Total	Actividades productivas	Fogares				ISFLSH	Sen clasificar
			Total	Adq. e rehab. vivendas	Bens de consumo duradeiro	Resto		
2008	3,4	3,7	3,0	2,4	5,3	5,4	0,8	5,3
2009	5,1	6,2	3,7	2,9	7,6	6,6	1,0	7,9
2010	5,8	7,9	3,2	2,4	6,8	6,6	1,8	1,1
2011	7,8	11,3	3,6	2,9	5,8	7,4	2,7	9,0
2012	10,4	15,5	4,9	4,0	6,1	10,8	5,6	13,1
2013	13,6	20,3	6,9	6,0	6,8	13,5	6,0	17,3
2014	12,5	18,5	6,8	5,9	5,7	13,4	4,8	9,0
2015	10,1	14,6	5,6	4,9	4,2	11,2	5,2	21,5
2016	9,1	13,1	5,5	4,7	3,3	11,4	5,7	7,6

(1) Créditos dubidosos sobre créditos totais
Fonte: Elaboración propia a partir de datos de *Banco de España*

3.2.52.

de aforro, diminuíndo o volume dos depósitos a prazo, directamente afectados polos baixos tipos de xuro oficiais. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2016 a 57.069 millóns de euros, o 5% do total estatal.

Xunto á mellora da rendibilidade do sistema financeiro, así como do volume de depósitos, o valor dos créditos concedidos polas entidades en Galicia cae un ano máis, seguindo a tendencia iniciada en 2011, situándose nos 42.563 millóns de euros, un 1,1% inferior ao rexistrado no ano 2015 (–4% en España). No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia caen os créditos concedidos ás Administracións públicas (12,9% menos que no ano anterior) e diminúen tamén os concedidos aos restantes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (–0,2%).

Os datos de distribución de crédito por finalidades para o conxunto do Estado proporcionados polo Banco de

España mostran o continuo descenso dos créditos destinados ao financiamento de actividades produtivas. No ano 2016, o saldo vivo do crédito a fogares caeu, consecuencia fundamentalmente da caída dos créditos para adquisición de rehabilitación de vivenda, xa que o crédito destinado a bens de consumo duradeiro aumentou. ❑

3.3.
Sector exterior

As contas económicas de Galicia publicadas polo IGE, que consideran as relacións comerciais tanto con terceiros países como co resto das Comunidades Autónomas españolas, reflicten unha contribución positiva do sector exterior en 2016. Se ao longo da crise económica o sector exterior atenúa a caída da demanda interna, o crecemento da actividade económica no último ano explícase tanto pola achega positiva da demanda interna ao crecemento agregado do PIB como da demanda externa, feito que non acontecía dende o ano 2007. O sector exterior contribúe con seis décimas ao incremento do PIB cando no ano anterior detraía sete décimas.

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 31.743,7 millóns de euros e as importacións ascenderon a 30.874,9 millóns. Deste xeito, o saldo comercial da economía galega acada valores positivos, aspecto que non acontece ao longo de toda a serie 1995-2016. A taxa de cobertura no ano 2016 ascendeu a 101,2%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) foi do 106,9%, case un punto máis que no ano anterior.

Este capítulo céntrase na análise das relacións comerciais de Galicia con terceiros países, que se caracteriza por unha medra de case o 17% do saldo da balanza comercial, así como pola súa forte concentración xeográfica e sectorial. Asemade, a taxa de cobertura aumenta ata o 128,6% e o grao de apertura sitúase no 61,3%, o valor máis alto dende o comezo da crise.

Esta evolución positiva apréciase tamén no feito de que Pontevedra sitúase como a quinta provincia española con maior actividade comercial (sétima no ano anterior) e A Coruña na novena (duodécima en 2015). En termos do valor das exportacións A Coruña e Pontevedra son a quinta e sexta provincias máis importantes, respectivamente. Asemade, cómpre resaltar a mellora da base exportadora da economía galega en relación ao ano anterior, ao aumentar un 6% o número de empresas exportadoras, que se sitúa en 6.702. En termos absolutos cómpre destacar a medra experimentada no caso da industria de alimentación, e fundamentalmente da industria cárnica.

Finalmente, o investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia aumentan en 2016 un 8,7% e 37,2%, respectivamente. O investimento bruto no exterior ascende a 1.343,6 millóns de euros, o 4% do total estatal,

Importacións e exportacións de Galicia e España 2015-16

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	15.108,5	15.584,8	3,2	18.924,0	20.038,4	5,9	3.815,5	4.453,6	638,1
A Coruña	6.240,1	5.973,2	-4,3	8.291,1	9.408,4	13,5	2.051,0	3.435,2	1.384,2
Lugo	856,4	748,8	-12,6	1.174,4	727,2	-38,1	318,0	-21,6	-339,6
Ourense	455,4	496,6	9,0	787,7	788,3	0,1	332,3	291,7	-40,6
Pontevedra	7.556,6	8.366,2	10,7	8.670,9	9.114,5	5,1	1.114,2	748,3	-365,9
España	274.772,3	273.284,2	-0,5	249.794,4	254.530,2	1,9	-24.977,9	-18.753,9	6.224,0
Galicia/España *(%)*	5,5	5,7		7,6	7,9		-15,3	-23,7	

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad. ICEX Estacom

3.3.1.

mentres que o estranxeiro en Galicia acada os 118,2 millóns, o 0,4% do investimento no conxunto do Estado.

Comercio exterior con terceiros países

A actividade comercial con terceiros países, entendida esta como a suma das exportacións e as importacións, aumenta en Galicia un 4,7% no último ano como consecuencia tanto do incremento de case o 6% das exportacións como do 3,2% das importacións. No conxunto do Estado este incremento da actividade comercial é significativamente inferior (0,6%) por mor do menor crecemento do valor das exportacións (1,9%) e da caída das compras exteriores (0,5%).

O volume total das compras e vendas galegas no exterior acadou no último ano os 35.623,3 millóns de euros, 1.590,7 millóns máis que no ano anterior, o que supón o 6,7% do total estatal. O grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importacións e o PIB, situouse no último ano no 61,3%, o valor máis elevado dende o comezo da crise económica.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, os máis importantes en termos do seu importe monetario son os de manufacturas de consumo e o sector do automóbil, con 8.476,1 e 8.191,8 millóns de euros respectivamente, o que supón o 46,8% da actividade comercial galega (27,1% en España), dous puntos e medio menos que no ano anterior. Atendendo ao seu peso relativo no conxunto do Estado, salienta o sector das manufacturas de consumo, que representan o 13,9% da actividade comercial deste sector en España, así como o sector da automoción, co 9,9%, situándose en torno ao 8% no caso das materias primas e alimentos.

A devandita medra da actividade comercial ven explicada fundamentalmente polo comportamento do sector manufacturas de consumo (1.084,6 millóns de euros máis que en 2015), os alimentos (647 millóns de euros máis) e o sector do automóbil (893,8 millóns máis). Por contra, cómpre mencionar novamente o descenso experimentado no sector enerxético, con 633,4 millóns de euros menos.

A nivel provincial, dos datos recollidos no **cadro 3.3.1.** despréndese que Pontevedra, tras unha medra do 7,7% (1.253,2 millóns de euros), mantense como a provincia con maior actividade comercial con 17.480,7 millóns de euros, o 49,1% do total galego, seguida da Coruña, onde, tras un aumento do 5,9%, se concentra o 43,2% do valor total da actividade comercial galega (15.381,6 millóns). As outras dúas provincias presentan un comportamento desigual, rexistrándose unha medra da actividade comercial en Ourense (41,8 millóns de euros) fronte á caída experimentada no caso de Lugo, con 554,8 millóns de euros menos.

No que atinxe ao saldo da balanza comercial de Galicia, o ano 2016 rexistra un incremento do seu saldo positivo, que se sitúa en 4.453,6 millóns de euros, un 16,7% máis que no ano anterior (638,1 millóns de euros), motivado polo maior crecemento das exportacións. Este saldo comercial representa o 7,7% do PIB no ano 2016, nove décimas máis que o rexistrado no ano anterior.

Importacións e exportacións 2016: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	16/15	peso relativo	Galicia/ España	Importe	16/15	peso relativo	Galicia/ España
	(en millóns de euros)		*(%)*		*(en millóns de euros)*		*(%)*	
Total	15.584,8	3,2	100	5,7	20.038,4	5,9	100	7,9
Alimentos	3.224,2	16,5	20,7	10,0	2.657,1	7,7	13,3	6,2
Enerxéticos	1.667,3	-25,6	10,7	5,6	894,9	-6,2	4,5	6,7
Materias primas	425,8	-11,2	2,7	4,9	734,1	-4,1	3,7	13,1
Semimanufacturas	1.837,7	6,3	11,8	3,0	2.338,8	3,8	11,7	3,8
Bens de equipamento	1.459,2	-7,5	9,4	2,4	3.135,6	1,2	15,6	6,1
Sector Automóbil	4.344,6	11,6	27,9	11,6	3.847,2	1,2	19,2	8,5
Bens de consumo duradeiro	208,5	4,5	1,3	2,7	226,5	12,0	1,1	5,2
Manufacturas de consumo	2.409,4	9,0	15,5	6,9	6.066,8	17,1	30,3	23,6
Outras mercadorías	8,2	-7,0	0,1	0,7	137,4	-31,7	0,7	3,3

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, *ICEX*

3.3.2.

Como indica o devandito **cadro 3.3.1.**, Lugo, tras o forte descenso das súas exportacións (38,1%), é a única provincia que presenta un saldo deficitario (21,6 millóns de euros). Nas outras tres provincias, o saldo positivo tan só mellora na provincia da Coruña, influenciado tanto pola medra das exportacións como a caída das importacións, reducíndose de xeito significativo en Pontevedra pola medra das importacións. O saldo positivo da balanza comercial da Coruña ascende a 3.435,2 millóns de euros, fronte aos 748,3 millóns de Pontevedra e os 291,7 de Ourense.

Finalmente, destacar que as provincias de Pontevedra e A Coruña están situadas no quinto e noveno posto, respectivamente, no *ranking* de provincias españolas con maior valor de actividade comercial, cando no ano anterior ocupaban o sétimo e duodécimo lugar, respectivamente. No que ao importe das exportacións se refire, A Coruña sitúase como a quinta provincia exportadora (duodécima no caso das importacións) e Pontevedra na sexta posición (sétima en termos de valor de importacións).

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano acada os 15.584,8 millóns de euros (476,3 millóns superior ao rexistrado en 2015), o que representa o 5,7% do valor total das importacións españolas. Esta medra afecta ás provincias de Ourense, cun incremento de 41,2 millóns de euros (9%), e Pontevedra, cun aumento de 809,6 millóns de euros máis (10,7%). Pola contra, A Coruña volve a rexistrar unha caída do valor das compras exteriores, reducíndose en 2016 un 4,3% respecto ao ano anterior (266,9 millóns de euros menos). Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra sitúase como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo case o 54% do importe total das importacións galegas, seguida da Coruña, que abrangue o 38,3% (50% e 41,3% no ano anterior, respectivamente).

O sector da automoción, tras unha medra do 11,6% en relación ao ano precedente, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 4.344,6 millóns de euros, que significa o 11,6% do total estatal (**cadro 3.3.2.**). Este importante incremento explícase tanto pola evolución das compras exteriores de automóbiles e motos, que tras un aumento do 4,8% do seu valor en relación ao rexistrado en 2015, acadan os 1.630,4 millóns de euros, como pola medra do 16,1% no caso da fabricación de compoñentes, cuxas importacións ascenden a 2.714,2 millóns.

A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que experimentan unha medra de case o 16,5% respecto ao ano anterior, representando o 20,7% do valor total das importacións galegas (3.224,2 millóns de euros) e o 10% das importacións españolas. Tras el estaría o sector de manufacturas de consumo, cun importe de 2.409,4 millóns de euros (un 9% máis que no ano anterior), o que representa o 15,5% do total de im-

Importacións 2015-16: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2008	2015		2016		16/15	16/08	2016		
										Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores	16,7	4.082,4	27,0	4.547,1	29,2	11,4	76,1	4.415,2	3.698,0	263,1
2	03	Peixes e crustáceos, moluscos	8,4	1.649,8	10,9	1.975,0	12,7	19,7	51,2	496,7	106,4	214,3
3	27	Combustibles minerais, aceites minerais	21,4	2.242,0	14,8	1.667,3	10,7	-25,6	-49,6	98,3	5,0	10,5
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	5,5	856,4	5,7	992,1	6,4	15,8	16,2	252,5	13,4	167,8
5	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	3,3	612,3	4,1	614,8	3,9	0,4	21,3	357,9	3,2	317,4
6	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas	3,6	691,1	4,6	585,4	3,8	-15,3	5,4	452,0	28,6	25,6
7	72	Fundición, ferro e aceiro	8,0	506,4	3,4	502,3	3,2	-0,8	-59,3	479,0	181,9	147,0
8	16	Preparación carne, peixe ou crustáceos	1,7	403,0	2,7	373,6	2,4	-7,3	43,1	21,0	0,4	13,0
9	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	1,9	284,7	1,9	368,6	2,4	29,5	26,6	238,2	43,5	26,0
10	85	Máquinas, aparellos material eléctrico e partes	4,1	425,4	2,8	319,1	2,0	-25,0	-49,3	159,1	11,8	8,2
Total dos principais capítulos			74,4	11.753,5	77,8	11.945,3	76,6	1,6	3,6	6.969,7	4.092,1	1.192,9
Resto			25,6	3.355,0	22,2	3.639,5	23,4	8,5	-8,2	2.282,2	276,6	732,1
Total			100	15.108,5	100	15.584,8	100	3,2	0,6	9.251,9	4.368,7	1.925,0

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, *ICEX*

3.3.3.

portacións galegas e o 6,9% das importacións españolas deste sector de actividade. Ao mesmo tempo cómpre resaltar o comportamento das importacións do sector enerxético, xa que o valor das compras exteriores experimenta unha redución superior ao 25%, cuxas compras ascenden no último ano a 1.667,3 millóns de euros (10,7% do total galego).

Se se descende na análise ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o correspondente a "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) é o capítulo máis importante en termos de valor. Tras unha medra do 11,4% en relación ao ano anterior, as compras a terceiros países ascenden a 4.547,1 millóns de euros, o 29,2% das importacións galegas. A continuación sitúase o capítulo de "Peixes e crustáceos, moluscos" (03), que tras unha medra de case o 20% acada os 1,975 millóns de euros, o 12,7% do total galego, e en terceiro lugar, os "Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais" (27), con 1.667,3 millóns, un 25,6% menos que no ano anterior. A devandita concentración sectorial reflíctese no feito de que estes tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 52,5% do valor total das importacións galegas.

Dende un punto de vista xeográfico, as importacións galegas concéntranse principalmente nos países da Unión Europea. Segundo os datos recollidos no **cadro 3.3.4.**, o 59,4% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (9.251,9 millóns de euros), sendo esta porcentaxe semellante á rexistrada no ano anterior. Tendo en conta o papel da factoría do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo, Francia segue a ser o principal subministrador de Galicia, con 4.368,7 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.925 millóns. Estes dous países concentran máis do 40% das importacións galegas, tres puntos por riba do rexistrado no ano anterior. Fóra da Unión Europea, China, tras un incremento do 9,9% respecto ao ano anterior, sitúase como o terceiro país onde máis compras se realizan, manténdose México no sexto lugar tras unha medra do 10,4% (representan o 4,8% e 3,1% das importacións galegas, respectivamente).

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Unión Europea segundo capítulos arancelarios (**cadro 3.3.3.**), cómpre mencionar que as importacións de produtos do capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") ascenden a 4.415,2 millóns de euros, o que representa o 47,7% das importacións galegas da UE-28, así como que o 97,1% do valor total das importacións galegas do capítulo 87 proceden desta área xeográfica. O segundo capítulo importador é o de "Peixes, crustáceos, moluscos" (03), cun importe de 496,7 millóns de euros, o que significa o 5,4% do total das importacións galegas que veñen dos países da zona euro e o 25,1% do

Importacións e exportacións 2015-16: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016
			(en millóns de euros)				(%)	
Total (2)	15.108,5	15.584,8	18.924,0	20.038,4	3.815,5	4.453,6	125,3	128,6
Europa	9.809,6	10.122,3	15.204,7	16.151,2	5.395,1	6.029,0	155,0	159,6
Unión Europea	8.979,0	9.251,9	14.185,5	15.093,3	5.206	5.841	158,0	163,1
EFTA	214,5	87,4	254,2	317,3	40	230	118,5	362,9
Europa oriental	186,3	292,5	142,3	162,2	-44	-130	76,4	55,5
Resto Europa	429,8	490,4	622,6	578,4			144,9	118,0
África	1.578,4	1.508,4	976,6	1.111,5	-601,7	-396,9	61,9	73,7
Africa do norte	804,1	890,6	773,3	941,5	-31	51	96,2	105,7
África central	80,5	23,2	19,7	23,9	-61	1	24,4	103,2
África occidental	302,9	249,1	77,9	61,2	-225	-188	25,7	24,6
África oriental	4,8	2,3	13,4	7,2	9	5	278,8	318,9
África austral	386,1	343,2	92,4	77,7	-294	-266	23,9	22,6
América	1.926,8	1.973,0	1.697,7	1.653,9	-229,1	-319,0	88,1	83,8
América do norte	282,7	312,9	656,0	626,0	373	313	232,1	200,0
América central	567,5	619,3	317,1	500,6	-250	-119	55,9	80,8
América do sur	1.055,1	1.005,3	670,3	470,0	-385	-535	63,5	46,7
Asia	1.741,2	1.920,6	958,4	1.048,2	-782,8	-872,4	55,0	54,6
Próximo Oriente	91,0	73,4	143,7	206,1	53	133	157,9	281,0
Península Arábiga	39,1	45,3	188,1	199,7	149	154	481,4	440,3
Asia centrla	23,9	7,1	4,0	4,7	-20	-2	16,6	66,1
Asia do sur	239,1	298,2	24,5	46,4	-215	-252	10,3	15,6
Lonxano oriente	874,6	985,9	467,6	443,7	-407	-542	53,5	45,0
Sudeste asiático	473,6	510,7	130,4	147,6	-343	-363	27,5	28,9
Oceanía	52,5	60,4	17,1	12,5	-35,4	-47,9	32,6	20,6
BRICs	946,8	1.125,7	413,2	421,2	-533,6	-704,5	43,6	37,4

(consulta: 5-05-2017)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad. ICEX Estacom

3.3.4.

valor das compras galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, o capítulo máis importante en termos absolutos é o correspondente á automoción, que representa o 84,6% das compras nese país, situándose en segundo lugar o de "Fundición, ferro e aceiro" (72) co 4,2%. En Portugal, os dous capítulos máis importantes concentran tan só o 30,2% das compras exteriores nese país, correspondendo o 16,5% ao de "Prendas e complementos de vestir de punto" (61) e o 13,7% á automoción (capítulo 87).

• Exportacións ao exterior

As vendas de produtos galegos a terceiros países aumentan no ano 2016 en torno ao 6%, ascendendo o importe total das exportacións ata os 20.038,4 millóns de euros, o que representa o 7,9% das exportacións españolas nese ano, tres décimas por riba do peso relativo no ano precedente.

En relación ao ano anterior, o devandito **cadro 3.3.1.** amosa que o valor das vendas ao exterior aumentan na provincia da Coruña e Pontevedra (13,5% e 5,1%, respectivamente), permanecendo practicamente estable en Ourense. Por contra, a provincia de Lugo presenta unha forte contracción, cunha caída superior ao 38%. Tras esta evolución, A Coruña sitúase como a provincia con maior volume de exportacións, concentrando o 47% das vendas galegas a terceiros países (9.408,4 millóns de euros), alcanzando Pontevedra o 45,5% (9.114,5 millóns). En conxunto, a concentración das exportacións nestas dúas provincias aumenta no último ano ao acoller o 92,5% do total das exportacións galegas fronte ao 90% do ano anterior.

Atendendo á desagregación sectorial, **cadro 3.3.2.**, o grupo de manufacturas de consumo é o máis importante tanto en termos de valor como en relación á súa importancia relativa no conxunto do Estado. As exportacións destes produtos ascenderon en 2016 ata os 6.066,8 millóns de euros, o 30,3% das vendas exterio-

Exportacións 2015-16: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2008	2015		2016		16/15	16/08	2016		
										Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores	37,1	5.140,2	27,2	5.301,7	26,5	3,1	-9,2	4.271,2	2.200,7	212,8
2	62	Prendas de vestir, non de punto	8,7	2.700,0	14,3	3.163,5	15,8	17,2	131,9	2.602,4	453,5	244,9
3	61	Prendas de vestir, de punto	5,6	1.373,2	7,3	1.636,8	8,2	19,2	85,9	1.388,2	217,9	144,7
4	03	Peixes, crustáceos, moluscos	5,6	1.197,4	6,3	1.300,3	6,5	8,6	47,3	1.046,7	90,1	312,6
5	27	Combustibles, aceites minerais	3,6	953,7	5,0	854,7	4,3	-10,4	52,8	558,6	40,8	158,8
6	16	Conservas de carne ou peixe	2,7	521,0	2,8	577,6	2,9	10,9	36,7	523,8	110,0	90,7
7	84	Máquinas e aparellos mecánicos	2,1	639,3	3,4	542,7	2,7	-15,1	64,9	279,3	42,6	56,7
8	85	Aparellos e materiais eléctricos	4,4	665,6	3,5	535,9	2,7	-19,5	-23,3	331,9	67,5	44,1
9	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	2,0	583,1	3,1	494,0	2,5	-15,3	55,7	451,1	119,8	120,5
10	44	Madeira e as súas manufacturas	2,5	403,0	2,1	417,4	2,1	3,6	8,1	305,9	46,5	144,9
Total dos principais capítulos			74,2	14.176,4	74,9	14.824,7	74,0	4,6	26,9	11.759,0	3.389,4	1.530,8
Resto			25,8	4.747,6	25,1	5.213,7	26,0	9,8	28,4	3.334,3	463,9	1.016,5
Total			100	18.924,0	100	20.038,4	100	5,9	27,3	15.093,3	3.853,3	2.547,3

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, *ICEX*

3.3.5.

res de Galicia, o que representa o 23,6% das exportacións españolas deste sector. Séguelle en importancia, no que a termos monetarios se refire, o sector do automóbil, cunhas vendas de case 3.850 millóns de euros, o que supón o 19,2% das exportacións galegas e o 8,5% das exportacións españolas do sector. En relación ao ano anterior o incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos corresponde ao conxunto de manufacturas de consumo, con 886,1 millóns de euros máis (17,1%), rexistrándose as únicas caídas no valor da vendas no caso das exportacións de produtos enerxéticos e de materias primas, cunha contracción do 6,2% e 4,1%, respectivamente (58,7 e 31,6 millóns de euros).

O capítulo exportador máis importante polo seu importe volve a ser o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), que concentra o 26,5% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto" (62), que acolle o 15,8% das vendas, e o da "Roupa e complementos de vestir, de punto" (61), que representa o 8,2%. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron en conxunto unha medra de case o 18%, mentres as exportacións de vehículos incrementáronse un 3,1%.

No ano 2016 aumenta a concentración das exportacións ao mercado comunitario, que concentra o 75,3% das vendas galegas (15.093,3 millóns de euros), dirixíndose un 8,3% ao continente americano (1.653,9 millóns), un 5,5% a África (1.111,5 millóns) ou un 5,2% a Asia (1.048,2 millóns de euros). Por países, Francia, por mor da importancia da factoría PSA Peugeot Citroën en Vigo, é o principal destino das vendas de Galicia, con 3.853,3 millóns de euros (19,2% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.547,3 millóns de euros (12,7%), e Italia, con 1.846 millóns (9,2%). En relación ao ano anterior cómpre resaltar o forte descenso das vendas a Francia, cunha redución do valor das exportacións do 21,7%, así como o incremento do 20,9% no caso de Italia e unha medra das vendas exteriores ao Reino Unido e Alemaña superior ao 42%

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 3.3.5.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 4.271,2 millóns de euros, o que representa o 28,3% das exportacións a esta área económica. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 2.602,4 millóns de euros, que representa o 17,2% do total das vendas aos países comunitarios.

A pesar do significativo descenso do valor das exportacións a Francia dos produtos de automoción (33,6%), estas concéntranse fundamentalmente no capítulo 87,

Exportacións galegas 2015-16: ránkings segundo países de destino

		2008	2015		2016		16/15	16/08
		(%)		(%)		(%)	(%)	(%)
1	Francia	34,9	4.932.276	26,1	3.853.349	19,2	-21,9	-29,9
2	Portugal	15,8	2.388.650	12,6	2.547.275	12,7	6,6	2,1
3	Italia	6,0	1.538.695	8,1	1.846.025	9,2	20,0	95,5
4	Reino Unido	3,3	1.107.429	5,9	1.574.985	7,9	42,2	199,1
5	Alemaña	3,3	999.274	5,3	1.406.032	7,0	40,7	172,8
6	Países Baixos	3,0	726.232	3,8	797.198	4,0	9,8	67,4
7	Bélxica	1,9	341.246	1,8	678.602	3,4	98,9	133,0
8	Marrocos	3,4	483.541	2,6	664.495	3,3	37,4	24,2
9	Estados Unidos	4,1	613.817	3,2	567.128	2,8	-7,6	-12,5
10	Turquía	1,2	488.693	2,6	512.654	2,6	4,9	168,9
11	Polonia	1,2	507.702	2,7	489.220	2,4	-3,6	148,8
12	México	1,0	247.832	1,3	424.520	2,1	71,3	164,2
13	Grecia	1,7	301.656	1,6	299.617	1,5	-0,7	9,7
14	Noruega	2,3	153.536	0,8	218.888	1,1	42,6	-39,8
15	China	0,4	220.242	1,2	207.475	1,0	-5,8	205,1
16	Romanía	0,5	169.495	0,9	206.763	1,0	22,0	178,7
17	Irlanda	0,7	117.281	0,6	188.744	0,9	60,9	73,1
18	Suecia	0,7	156.406	0,8	184.113	0,9	17,7	76,1
19	Austria	0,3	118.005	0,6	175.396	0,9	48,6	240,3
20	Argelia	1,2	181.017	1,0	149.705	0,7	-17,3	-19,8
5 primeiros países		63,4	10.966.324	57,9	11.227.665	56,0	2,4	12,5
10 primeiros países		77,0	13.619.854	72,0	14.447.742	72,1	6,1	19,2
20 primeiros países		87,1	15.793.027	83,5	16.992.183	84,8	7,6	24,0
Total		100,0	18.924.031	100,0	20.038.403	100,0	5,9	27,3

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, *ICEX*

3.3.6.

ao acoller o 57,1% das vendas a ese país, dez puntos menos que no ano anterior, e que representan o 41,5% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo, vinte e tres puntos menos que no ano anterior. Séguelle en importancia o devandito capitulo 62, que acolle case o 12% das exportacións galegas a Francia. No caso portugués, os principais capítulos exportadores seguen sendo o 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos") e o 62 (“Prendas e complementos de vestir, agás o punto”), acollendo o 12,3% e o 9,6% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

• Base exportadora

Un último aspecto a considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora, é dicir, o número de empresas que venderon os seus produtos no exterior de España. Ao longo do ano 2016 un total 6.702 empresas galegas venderon parte dos seus produtos fóra de España, un 6% máis que no ano anterior (382 empresas máis). O incremento neste último ano explícase en gran medida pola evolución experimentada nos sectores de alimentación, con 183 empresas máis, e nos de semimanufacturas e manufacturas de consumo, con case 90 empresas máis cada un, o que contrasta coa caída no sector de materias primas e na automoción (15 e 18 empresas menos).

O sector que concentra o maior número de empresas exportadoras en 2016 é o de bens de equipamento, con 2.228 empresas, seguido polo de semimanufacturas e a industria de alimentación, con máis de 1.500 empresas.

No caso dos sectores que presentan un maior crecemento no número de empresas exportadoras, cómpre resaltar o incremento das empresas da industria cárnica, con 121 empresas máis, por diante do sector de produtos químicos e da industria téxtil e confección, con 73 e 53 empresas exportadoras máis. Por contra, hai que mencionar o descenso experimentado no caso das empresas englobadas na actividade de material de transporte, con 92 empresas menos, e no de automóbiles e motos, con 35 empresas exportadoras menos.

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2008 e 2016: distribución segundo grandes sectores

	2008		2016 (1)		16/15		16/08	
		(%)				(%)		(%)
Sectores económicos	4.907	100	6.702	100	382	6,0	1.795	36,6
Alimentos	1.022	20,8	1.502	22,4	183	13,9	480	47,0
Pesca	455	9,3	444	6,6	12	2,8	-11	-2,4
Bebidas	271	5,5	461	6,9	16	3,6	190	70,1
Carne	166	3,4	398	5,9	121	43,7	232	139,8
Preparados alimenticios	141	2,9	152	2,3	-5	-3,2	11	7,8
Froitas e legumes	110	2,2	145	2,2	26	21,8	35	31,8
Lácteos e ovos	65	1,3	86	1,3	3	3,6	21	32,3
Outros	167	3,4	227	3,4	34	17,6	60	35,9
Produtos enerxéticos	100	2,0	132	2,0	57	76,0	32	32,0
Materias primas	342	7,0	362	5,4	-15	-4,0	20	5,8
Semimanufacturas	1.130	23,0	1.522	22,7	87	6,1	392	34,7
Produtos químicos	633	12,9	899	13,4	73	8,8	266	42,0
Ferro e aceiro	160	3,3	209	3,1	1	0,5	49	30,6
Metais non ferrosos	116	2,4	149	2,2	-22	-12,9	33	28,4
Bens de equipamento	1.748	35,6	2.228	33,2	4	0,2	480	27,5
Outros bens de equipamento	825	16,8	1.220	18,2	42	3,6	395	47,9
Maq. Específica certas industrias	822	16,8	1.140	17,0	-11	-1,0	318	38,7
Material transporte	404	8,2	316	4,7	-92	-22,5	-88	-21,8
Equipamento oficina e telecomunicacións	195	4,0	350	5,2	46	15,1	155	79,5
Sector do automóbil	535	10,9	641	9,6	-18	-2,7	106	19,8
Compoñentes do automóbil	444	9,0	479	7,1	26	5,7	35	7,9
Automóbiles e motos	109	2,2	200	3,0	-35	-14,9	91	83,5
Bens de consumo duradeiro	320	6,5	518	7,7	30	6,1	198	61,9
Manufacturas de consumo	859	17,5	1.359	20,3	86	6,8	500	58,2
Téxtil e confección	393	8,0	703	10,5	53	8,2	310	78,9
Xoguetes	97	2,0	140	2,1	23	19,7	43	44,3
Calzado	90	1,8	114	1,7	8	7,5	24	26,7
Xoiaría e reloxios	62	1,3	107	1,6	-6	-5,3	45	72,6
Outras manufacturas	493	10,0	696	10,4	13	1,9	203	41,2
Outras mercadorías	1.105	22,5	1.657	24,7	84	5,3	552	50,0

(1) datos 2016 son provisionais (8-3-17)
Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad

3.3.7.

Tendo en conta o devandito incremento do número de empresas exportadoras en Galicia e o lixeiro descenso experimentado no conxunto do Estado, a cota exportadora no total estatal aumenta ata o 4,5%, tres décimas menos que ao comezo da crise económica en 2008.

Atendendo á súa desagregación segundo grandes sectores, cómpre resaltar a importancia relativa do sector de alimentación, que no último ano aumenta o seu peso no conxunto do Estado cunha cota do 8,4%, oito décimas por riba do estimado en 2015. A pesca, tras a lixeira medra do número de empresas exportadoras, é o sector con maior peso relativo, co 29,4% do total estatal, destacando asemade o crecemento do sector das empresas cárnicas, que representan en 2016 o 12,3% das expresas exportadoras do sector en España (8,5% no ano anterior).

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, a partir dos que facilita a Secretaría de Estado de Comercio Exterior. No último ano increméntase de xeito significativo o volume de investimento estranxeiro en Galicia (37,3%), rexistrando o investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior unha medra do 8,7%. No conxunto do Estado estes fluxos de investimento medran case un 31% no caso do investimento estranxeiro en España en tanto que volve a descender o seu investimento no exterior (–22,9% en 2016).

O investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou no último ano ata os 118,2 millóns de euros, o que supón tan só o 0,4% do investimento estranxeiro bruto en España, unha décima máis que no ano anterior

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2015-16 (1)

	2015			2016			16/15
	Total		UE-28	Total		UE-28	
	(en millóns de euros)	*(% / España)*	*(en millóns de euros)*	*(en millóns de euros)*	*(% / España)*	*(en millóns de euros)*	*(%)*
Andalucía	593,2	2,3	462,4	412,0	1,2	207,9	-30,6
Aragón	63,0	0,2	53,0	33,5	0,1	22,9	-46,8
Asturias	1.510,2	6,0	3,8	290,5	0,9	0,4	-80,8
Baleares	267,8	1,1	208,8	564,5	1,7	460,3	110,8
Canarias	401,4	1,6	48,9	33,5	0,1	28,1	-91,7
Cantabria	8,9	0,0	6,0	20,3	0,1	18,4	127,4
Castela e León	44,3	0,2	32,6	29,6	0,1	12,4	-33,3
Castela-A Mancha	54,3	0,2	25,1	104,5	0,3	18,2	92,5
Cataluña	5.046,6	19,9	3.633,4	4.878,5	14,7	2.322,4	-3,3
C. Valenciana	314,5	1,2	160,7	191,3	0,6	152,1	-39,2
Estremadura	44,2	0,2	3,2	62,1	0,2	61,1	40,6
Galicia	86,1	0,3	6,1	118,2	0,4	39,7	37,3
Madrid	11.356,3	44,9	6.748,8	15.467,6	46,7	10.554,3	36,2
Murcia	517,2	2,0	32,9	67,2	0,2	25,5	-87,0
Navarra	19,3	0,1	14,2	836,3	2,5	827,3	4.231,2
País Vasco	854,2	3,4	246,9	5.543,9	16,8	5.274,1	549,0
A Rioxa	30,8	0,1	28,5	7,6	0,0	6,8	-75,4
Ceuta-Melilla	16,3	0,1	16,2	0,6	0,0	0,1	-96,3
Sen asignar	4.071,4	16,1	3.676,5	4.434,0	13,4	659,7	8,9
Total	25.299,9	100	15.408,0	33.095,6	100	20.691,8	30,8

(consulta: 26-04-2017)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

(2) operacións de non residentes que supoñan: (i)Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, *Datainvex*

3.3.8.

aínda que lonxe do 2% acadado en 2013. Tres Comunidades Autónomas concentran case o 80% do investimento: Madrid (o 46,7% do mesmo), País Vasco (o 16,8%) e Cataluña (cun 14,7%) (**cadro 3.3.8.**).

China é o principal país investidor en Galicia no último ano, con 61 millóns de euros (o 51,6% do total), seguido por Portugal e Francia, con 17,7 e 13,8 millóns de euros, respectivamente. Entre os tres países aportan o 78,3% do investimento bruto en Galicia. O investimento comunitario aumenta significativamente pasando dos 19,7 millóns de 2015 aos 39,7 millóns do último ano, o que supón o 33,6% do total investido en 2016 (22,9% no ano anterior).

Dende un punto de vista sectorial, o sector da industria de alimentación concentra o 52,3% do investimento en Galicia (61,8 millóns de euros), por diante do comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor, co 14,3% (16,9 millóns) e das actividades cinematográficas, de vídeo e programas de televisión, co 7,5% (8,9 millóns de euros). Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, o **cadro 3.3.9.** amosa a importancia das actividades cinematográficas, que representa o 12,8% do investimento no sector, así como a industria de alimentación, con case o 9%, e as telecomunicacións, co 7,1%.

No que atinxe ao investimento no sector da industria de alimentación, sas actividades de fabricación de conservas (CNAE 10.22) acaparan case a totalidade do investimento, con 61 millóns de euros. Segundo os datos do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, China é quen concentra todo o investimento nesta rama de actividade.

O investimento bruto galego no exterior experimentou un incremento de case o 9% no último ano, acadando un importe total de 1.343,6 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2016: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total subsectores	118.186,4	100	33.095.582,6	100	0,4
Industria da alimentación	61.817,1	52,3	693.041,1	2,1	8,9
Comercio ao por maior e interm. comercio, excepto vehículos a motor	16.932,8	14,3	1.189.539,5	3,6	1,4
Activ. cinematograf. de vídeo e progra. de TV	8.914,2	7,5	69.419,6	0,2	12,8
Actividades inombiliarias	5.936,1	5,0	3.230.038,0	9,8	0,2
Servizos de comidas e bebidas	5.698,9	4,8	307.920,5	0,9	1,9
Investigación e desenvolvemento	4.163,0	3,5	119.609,5	0,4	3,5
Telecomunicacións	3.501,0	3,0	49.327,6	0,1	7,1
Comercio polo miudo, agás vehículos a motor	3.124,5	2,6	368.316,5	1,1	0,8
Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	2.299,1	1,9	446.044,3	1,3	0,5
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.764,5	1,5	466.658,4	1,4	0,4
Pesca e acuicultura	1.190,8	1,0	39.722,4	0,1	3,0
Construción de edificios	961,8	0,8	1.546.550,8	4,7	0,1
Servizos de aloxamento	934,0	0,8	336.692,0	1,0	0,3
Actividades administrativas de oficina	555,7	0,5	117.966,4	0,4	0,5
Outros	393,1	0,3	24.114.736,0	72,9	0,0

(consulta: 26-04-2017)
(1) Operacións ETVE e non ETVE
Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.9.

Investimento bruto das CCAA no exterior 2015-16

	2015			2016			16/15
	Total		UE-28	Total		UE-28	
	(en millóns de euros)	*(% / total)*		*(en millóns de euros)*	*(% / total)*		*(%)*
Andalucía	634,0	1,4	321,0	423,5	1,3	307,1	-33,2
Aragón	55,2	0,1	31,9	135,0	0,4	120,5	144,5
Asturias	479,0	1,1	0,0	804,5	2,4	169,0	68,0
Baleares	314,1	0,7	76,7	138,5	0,4	7,1	-55,9
Canarias	335,4	0,8	7,7	91,9	0,3	31,1	-72,6
Cantabria	567,4	1,3	102,1	54,4	0,2	27,3	-90,4
Castela e León	183,9	0,4	43,7	84,7	0,3	28,0	-54,0
Castela-A Mancha	7,9	0,0	7,9	21,6	0,1	19,8	172,6
Cataluña	4.881,8	11,1	3.626,4	3.204,1	9,5	2.384,2	-34,4
C. Valenciana	228,6	0,5	56,4	27,9	0,1	15,0	-87,8
Estremadura	-	0,0	-	4,2	0,0	4,2	-
Galicia	1.236,1	2,8	693,3	1.343,6	4,0	529,2	8,7
Madrid	23.876,0	54,5	4.038,1	21.655,5	64,1	11.768,2	-9,3
Murcia	0,4	0,0	-	2,4	0,0	-	580,3
Navarra	20,1	0,0	0,1	21,9	0,1	1,5	9,3
País Vasco	10.971,9	25,1	322,5	5.753,2	17,0	2.889,1	-47,6
A Rioxa	0,9	0,0	-	0,0	0,0	0,0	-97,3
Total	43.792,6	100	9.328,0	33.766,9	100	18.301,2	-22,9

(consulta: 26-04-2017)
(1) Operacións ETVE e non ETVE

(2) operacións de residentes que supoñan: (i) participacións en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior; (ii) participación superior ao 10% en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26 euros.
Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.10.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2016: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	1.343.596,8	100,0	33.766.850,0	100,0	4,0
Actividades inmobiliarias	858.889,8	63,9	1.328.922,1	3,9	64,6
Construcción de edificios	353.352,2	26,3	1.533.835,3	4,5	23,0
Industria da alimentación	49.288,7	3,7	317.136,9	0,9	15,5
Pesca e acuicultura	29.954,3	2,2	73.964,2	0,2	40,5
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	25.846,6	1,9	99.993,5	0,3	25,8
Outras industrias extractivas	6.904,9	0,5	18.067,4	0,1	38,2
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	4.007,3	0,3	992.795,9	2,9	0,4
Fabricación doutro material de transporte	3.869,4	0,3	91.485,5	0,3	4,2
Servizos financeiros, agaás seguros e fondos pensións	2.807,2	0,2	2.703.718,3	8,0	0,1
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	2.230,1	0,2	7.810.388,3	23,1	0,0
Actv. Sedes centrais; Activ. Consultoría de xestión	2.055,7	0,2	14.014,2	0,0	14,7
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	1.810,9	0,1	363.364,0	1,1	0,5
Outros	2.579,7	0,2	18.419.164,4	54,5	0,0

(consulta: 4-05-2017)
(1) Operacións ETVE e non ETVE
Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, *Datainvex*

3.3.11.

que máis inviste no estranxeiro no ano 2016 tras Madrid, País Vasco e Cataluña. Tendo en conta o descenso rexistrado no conxunto do Estado, **cadro 3.3.10.**, o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 4% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 2,8%.

No último ano, Estados Unidos sitúase como o país máis importante ao acoller o 37,7% do investimento (506,7 millóns de euros), adiantando este ano ao Reino Unido, que concentra o 32,6% do investimento (438,3 millóns). En terceiro lugar sitúase Corea do Sur, co 15,6% (209,3 millóns). Os países da Unión Europea acollían no seu conxunto o 39,4% do investimento total, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 57,5% do investimento.

As actividades inmobiliarias volven a ser a rama de actividade máis importante en termos de capital investido ao acoller case o 64% do total de Galicia. Séguelle o sector da construción de edificios, que representa o 26,3%. En conxunto, estas dúas actividades supoñen o 90,2% do investimento exterior galego cando no conxunto do Estado concentran tan só o 8,5% (en España as empresas de servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións, supoñen máis do 23% do investimento).

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia das actividades inmobiliarias, que representa case dous terzos do investimento realizado por España neste sector, así como as da pesca e acuicultura, con máis do 40% (**cadro 3.3.11.**).

Fomento das exportacións galegas

No que respecta á promoción das exportacións, é importante destacar o papel das actuacións desenvolvidas ao abeiro do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), así como pola Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT).

Dunha banda, as accións Foexga teñen por obxectivo acadar a internacionalización real das empresas galegas e propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior. As actuación recollidas neste Plan están dirixidas a:

− Aumentar a base de empresas exportadoras;
− Fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais;
− Acadar unha maior diversificación sectorial e xeográfica;
− Difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

Actuacións do Plan FOEXGA 2016: áreas xeográficas e sectores

	Área xeográfica	
		(% /total)
Europa	9	37,50
Asia	2	8,33
África	1	4,17
Amércia do Sur	3	12,50
América do Norte	2	8,33
Centroamérica	7	29,17
Oceanía (Pacífico)	-	-
Total países	24	100
	Empresas segundo sectores	
		(% /total)
Agroalimentario	55	50,46
Servizos	10	9,17
Fabricación Industrial	18	16,51
Fexeñería e Consultoría	8	7,34
Naval	3	2,75
Maquinaria e Transporte	6	5,50
Pedra	5	4,59
Téxtil	3	2,75
Madeira	1	0,92
Total	109	100

Fonte: IGAPE

3.3.12.

No marco do Foexga, o ano 2016 presenta unha importante redución tanto do número de accións como de empresas participantes nas mesmas e os países obxecto das actuacións. Ao longo do ano 2016 realizáronse un total de 19 accións en 24 países (33 accións e 33 países no ano anterior), das que 14 accións corresponden a misións comerciais directas (21 no ano 2015) e as 4 restantes a participacións en feiras internacionais (10 participacións), destacando ademais que non se realizaron misións comerciais inversas (2 en 2015).

O número de empresas galegas participantes no último ano descendeu a 109 fronte ás 244 empresas do ano anterior, nun total de 144 participacións (383 participacións en 2015).

A subvención total liquidada correspondente ás accións do ano 2016 ascende a 295.506,88 euros, sendo a aportación do FEDER de 236.405,50 euros (80%) e por parte das cámaras de 32.834,09 euros (11,1%). Deste xeito, a subvención media por empresa participante en misións directa ou feiras ascende a 2.711,07 euros.

Segundo os datos facilitados polo Igape, o principal destino das accións desenvolvidas é Europa, con nove países (Alemaña, Bosnia, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Reino Unido, Romanía, Serbia e Suíza), seguida de Centro América con sete (Costa Rica, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, O Salvador e Panamá). En América do Sur dirixíronse a Brasil, Colombia e Perú; en América do Norte a Canadá e Estados Unidos; mentres que en Asia os destinos foron China e os Emiratos Árabes, e en África, Marrocos.

Finalmente, no que á distribución sectorial se refire, na metade das accións participan empresas do sector agroalimentario (55 empresas), superando ás empresas de fabricación industrial e servizos, con 18 e 10 empresas, respectivamente. En conxunto, tres de cada catro empresas participantes pertencen a estes tres sectores.

Doutra banda, a Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións Internacionais (SALT) son proxectos de fomento da internacionalización desenvolvidos ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para o fomento da internacionalización do tecido empresarial galego.

Por un lado, as Plataformas Pexga ofrecen asesora-

mento e apoio a todas aquelas empresas que queiran introducirse, crecer ou consolidarse nos mercados onde a Rede está presente. Durante o 2016 a Rede contou con oito plataformas operativas: en Brasil (Río de Xaneiro, Recife, Golânia e Sâo Paulo), China (Shanghái, Beijing e Guangzhou), Colombia (Bogotá), Estados Unidos ata o mes de febreiro (Miami, Washington e Houston), Marrocos (Casablanca), México (México D.F. e Puebla), Reino Unido (Londres) e Rusia (Moscova e Mishishi).

No exercicio 2016, recibíronse un total de 433 demandas de servizos de asesoramento e apoio por parte das empresas galegas. A maior parte destas actividades corresponden ás plataformas establecidas en México (92), Reino Unido (68), China (67) e Colombia (61). O mercado africano é o seguinte en espertar o interese das empresas galegas, contabilizando a plataforma de Marrocos 52 demandas.

En canto ao número de empresas clientes por mercado, destacan novamente as plataformas de México (62), Reino Unido (56), Colombia (49) e China (44), para un total de 165 no cómputo global.

Por outro lado, funciona o Servizo de Licitacións Internacionais, cuxo obxectivo é apoiar ás empresas galegas no acceso a licitacións internacionais con financiamento de organismos multilaterais e institucións financeiras internacionais, e proporcionar ferramentas, formación, asesoramento personalizado e outros recursos de apoio para axudar ás pemes a achegarse e participar neste mercado. No último ano subministrouse información sobre un total de 213 estratexias, proxectos e licitacións, ascendendo a 70 as empresas beneficiarias. ❑